

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE XUÑO DE 2026,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

**PROXECTOS DE LEI****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Proxecto de Lei de educación dixital de Galicia.

**DECRETOS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2026/27.

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Oleiros de estradas e treitos delas de titularidade da Deputación Provincial da Coruña.

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto polo que se suprime o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, se crea a Axencia Pública Autónoma para o Control do Medio Mariño de Galicia e se aproban os seus estatutos.

**ACORDOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Portas para a reforma e a ampliación de albergue de peregrinos na parroquia de Briallos, por importe total de douscentos setenta mil seiscentos oitenta e sete euros con oitenta e catro céntimos (270.687,84€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Boimorto para a execución do proxecto de cubrición da pista polideportiva no lugar de Casanova, da parroquia de Arceo, por un importe total de un cento trinta e nove mil catrocentos euros con dous céntimos (139.400,02 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilamarín para a execución do proxecto de construción de pavillón polideportivo en Vilamarín, por un importe total de un millón catrocentos mil euros (1.400.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio subscrito o 17 de marzo de 2023 entre a Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), para o desenvolvemento da nova área de transporte intermodal de Lugo e o seu entorno urbano, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, por importe de cincuenta e nove millóns trescentos oitenta e nove mil cento noventa e seis euros con sesenta e dous céntimos (59.389.196,62 €).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o Plan director da industria das TIC.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo á licitación por lotes, polo procedemento aberto multicriterio, do servizo de redacción do proxecto de urbanización e dirección de obras, que desenvolven sete proxectos de interese autonómico, destinados á construción de vivenda protexida, en ámbitos delimitados nos Concellos de Lugo, Vigo, Arteixo, Ourense, Pontevedra, A Coruña e Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de seis millóns trescentos sesenta e seis mil seiscentos catro euros con vinte e catro céntimos (6.366.604,24 €) IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns douscentos sesenta e un mil seiscentos cincuenta e seis euros con corenta céntimos (5.261.656,40 €) IVE excluído.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de San Xoán de Río, para a execución das obras de humanización da praza Pedro Fernández, por un importe de cento setenta e dous mil cento corenta e sete euros con sete céntimos (172.147,07 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na LU-234. Lugo", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oitocentos trinta e catro mil trescentos dezaseis euros con noventa e sete céntimos (834.316,97€).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de equipos de infusión e accesorios con destino ás Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde, tramitado co nº de expediente SI-ASV1-26-031, mediante procedemento aberto, por un valor estimado de trece millóns cento trinta mil catrocentos nove euros con quince céntimos (13.130.409,15 €) e un orzamento total de licitación de oito millóns catrocentos catro mil trescentos trinta e tres euros con corenta e cinco céntimos (8.404.333,45 €) IVE engadido.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de diversos medicamentos biolóxicos cuxa administración se realiza nos hospitais de día dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, mediante procedemento aberto, por un importe total de licitación de vinte millóns oitocentos catorce mil sesenta e un euros con noventa e cinco céntimos (20.814.061,95€), con IVE e un valor estimado de cincuenta e catro millóns trinta e seis mil cincocentos sete euros (54.036.507,00€), sen IVE.
- Acordo polo que se toma razón do balance de contratación centralizada e do inicio da tramitación para a creación da central de compras da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se toma razón do investimento previsto para a dotación do equipamento e do mobiliario do edificio C do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Videoxogo.gal-Asociación Galega de Videoxogos e Contidos Interactivos para o desenvolvemento de accións de difusión e visibilización do sector dos videoxogos en 2026 por importe de cincuenta e tres mil cento setenta euros e cinco euros, sen IVE (53.175,00 € sen IVE).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, con respecto da Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2026, por un importe de nove millóns catrocentos dezaseis mil douscentos setenta e oito euros con seis céntimos (9.416.278,06 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados na orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2026, por importe total de once millóns de euros (11.000.000,00€).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores San Martiño do Grove para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de setecentos cincuenta e un mil trescentos setenta e un euros con sesenta e cinco céntimos (751.371,65 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a confraría de pescadores Virgen del Carmen de Pontedeume para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de trescentos noventa e oito mil cincocentos trinta e un euros con corenta e nove céntimos (398.531,49 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores San Xoán de Redondela para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de seiscentos cincuenta e tres mil catrocentos oitenta e oito euros con sesenta e cinco céntimos (653.488,65 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de pescadores Virxe do Carmen de Rianxo para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de oitocentos cincuenta e seis mil catrocentos vinte e sete euros con trinta e un céntimos (856.427,31 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INFORMES

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a simplificación na autorización de eventos e actividades turísticas, recreativas e deportivas no litoral de Galicia.
- Informe sobre as actuacións de abastecemento, saneamento e depuración no rural galego.

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2026/2027.
- Informe sobre a aprobación de proxectos de Compra Pública de Innovación presentados pola Xunta de Galicia á convocatoria do ano 2025 da Liña FID (Fomento de Innovación dende a Demanda) do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

#### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o inicio do proceso orzamentario para o ano 2027.

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as liñas de apoio ao sector da creación literaria. Evolución 2022-2025.

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe de resultados do proxecto Paisactivo: Aldeas Activas e Paisaxe Resiliente. Piloto de rexeneración rural.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE EDUCACIÓN DIXITAL, UNHA NORMA PIONEIRA EN ESPAÑA QUE CONSOLIDARÁ O MODELO GALEGO DE ENSINO HÍBRIDO**

- Explica que o Consello deu luz verde esta mañá a esta normativa inédita a nivel estatal, que busca “consolidar o modelo galego de ensino híbrido” e afrontar con seguridade os retos da transformación dixital e blindar a calidade e a igualdade cun ensino máis personalizado
- Salienta que, “con preto de 900 achegas nas distintas fases de exposición pública, o texto convértese no máis participativo da historia de Galicia”
- Máis do 92 % das familias subscriben a necesidade de regular o uso da tecnoloxía nas aulas
- A través da futura norma, regúlanse os dereitos e os deberes do conxunto da comunidade escolar para reforzar un sistema de calidade, igualdade e máis personalizado
- Fai fincapé en aspectos como os usos da intelixencia artificial, o benestar dixital, a protección de datos e o dereito á desconexión dixital do alumnado, entre outros

O presidente do Executivo galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta aprobou esta mañá o anteproxecto de Lei de educación dixital de Galicia que agora se remite ao Parlamento para a súa tramitación final coa “previsión de que Entre en vigor no 2027”. Con este texto normativo, pioneiro e inédito a nivel estatal, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ten como obxectivo “consolidar o modelo galego de ensino híbrido” a través do cal se blinde un sistema de calidade e máis personalizado.

Rueda destacou que, “con preto de 900 achegas entre as distintas fases de exposición pública, esta norma convértese na máis participativa da historia de Galicia, o que dá conta do interese que esperta o que regula esta lei no conxunto da cidadanía”. Isto vai na liña dos resultados da enquisa do Instituto Galego de Estatística (IGE), segundo a cal máis do 92% das familias ve necesaria esta lei e o 86,6 % considera que nas aulas debe empregarse un modelo híbrido, que combine en equilibrio métodos dixitais e máis tradicionais.

Así pois, no Goberno galego, a través desta lei, búscase afrontar con seguridade os retos da transformación dixital social e tecnolóxica no eido do ensino desde unha abordaxe integral que abrangue a regulación dos dereitos e dos deberes de todos os membros da comunidade educativa -administracións públicas, centros educativos, docentes, alumnos e familias- ante o novo contexto tecnolóxico.

Esta normativa exercerá como un pilar fundamental na “consolidación do modelo galego de ensino híbrido, onde se combinan os recursos físicos tradicionais coas novas tecnoloxías”, indicou o presidente, de maneira que ambas convivan en harmonía e se complementen co fin de garantir a mellor formación do alumnado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Responde, ademais, á obriga legal de dotar o alumnado galego de competencias dixitais, que son básicas para desenvolverse na sociedade actual e facelo dun xeito seguro, crítico e competitivo. Deste xeito, faise fincapé en aspectos como o benestar dixital, a privacidade e a protección de datos, o dereito á identidade dixital e á intimidade e a accesibilidade universal.

### **Uso da intelixencia artificial**

A lei dedica un capítulo enteiro aos usos permitidos e prohibidos da intelixencia artificial na educación, facendo fincapé en que poderán empregarse os sistemas de IA cun carácter auxiliar ou de apoio na toma de decisións educativas, pero sempre baixo supervisión humana. Tal e como explicou Alfonso Rueda, Galicia convértese así na “primeira comunidade autónoma en regular a IA no ensino co obxectivo de aproveitar as súas potencialidades e minimizar os seus riscos”.

A este respecto, faise fincapé en que a intelixencia artificial pode ser unha ferramenta útil para facilitar a detección temperá de dificultades de aprendizaxe e proporcionar recursos educativos adaptados ao nivel e ritmo de aprendizaxe do estudante. Tamén para xerar ou adaptar materiais de apoio educativo.

No entanto, en ningún caso se poderá empregar a IA para a toma de decisións académicas, organizativas e administrativas e nunca poderá substituír a intervención directa e a capacidade de decisión do profesorado. Isto garante que o criterio final na avaliación do alumnado recaerá sempre no profesorado, isto é será o docente o que teña a decisión última ao respecto. Ademais, prohíbese o uso de sistemas de IA que impliquen recoñecemento facial, análise emocional ou seguimento biométrico, entre outros. En todo caso, os centros educativos só poderán empregar ferramentas dixitais autorizadas pola Consellería de Educación.

### **Desconexión e adecuación por idades**

Galicia, recordou Rueda, será tamén a “primeira comunidade autónoma en regular o dereito á desconexión dixital do alumnado fóra do horario lectivo”, incorporando ao ámbito educativo un dereito que xa opera no ámbito laboral.

O uso da tecnoloxía nas aulas adecuarase en función da etapa educativa e da madurez do alumnado. Así pois, o uso dos medios dixitais en Infantil e nos dous primeiros ciclos de Primaria limitarase a un uso colectivo e “o uso individual comezará a partir de 5º de Primaria”. Paralelamente, “o uso do móbil para fins pedagóxicos permitirase unicamente a partir de 3º da ESO, non en calquera curso como ata agora”, indicou.

### **Gravación das clases e docencia virtual**

Alfonso Rueda explicou tamén que a norma recolle as condicións de gravación das sesións educativas e a docencia virtual, facendo fincapé no dereito do profesorado a exercer a súa actividade docente en condicións de respecto e de seguridade nas contornas dixitais do mesmo modo que acontece nas contornas físicas da aula e do centro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así pois, establécese que, salvo autorización expresa, “queda prohibida a gravación en audio ou vídeo das sesións de clase, titorías ou calquera outra actividade docente, tanto se son presenciais coma se se desenvolven por medios virtuais”, por parte de alumnos, familias e persoas alleas ao persoal docente. Queda prohibida tamén a súa reprodución ou difusión mediante redes sociais, servizos de mensaxería instantánea ou calquera outro medio dixital.

Non obstante, poderanse gravar clases e actividades con finalidade didáctica unicamente ou de seguimento académico, garantindo en todo caso o respecto aos dereitos fundamentais das persoas participantes. Isto está pensado para casos moi concretos como, por exemplo, un alumno cego que non pode seguir a clase e pide gravala para despois seguila na casa, ou clases de instrumentos nos conservatorios.

### **Exames en redes sociais e comunicacións coas familias**

Así mesmo, a lei blindada que a actividade educativa dos estudantes se realice en condicións de dignidade, privacidade e respecto no ámbito dixital. Neste sentido, o profesorado non poderá utilizar, nas súas redes sociais ou medios dixitais persoais, nin imaxes, nin voz nin outros datos persoais do alumnado derivadas de actividades escolares, incluídos os exames, complementarias ou extraescolares, agás que exista autorización expresa.

No que atinxe á comunicación entre os centros educativos e as familias, só se poderá facer por medios autorizados pola Xunta (Abalar, por exemplo). Por outra parte, a Xunta dotará de identidade dixital todo o alumnado de centros públicos a partir de 5º de Primaria a través dunha conta de correo oficial, cun uso acoutado a fins exclusivamente educativos, e non terá carácter privado. O obxectivo é que, naquelas situacións formativas nos centros nas que sexa precisa unha identidade dixital, os estudantes poidan usar unha corporativa baixo parámetros de seguridade e privacidade.

### **Autoridade pública do profesorado e formación**

Por outra parte, o titular da Xunta explicou que “se estende á contorna dixital a condición de autoridade pública do profesorado que xa opera na aula”. A partir da entrada en vigor da nova Lei de educación dixital, esta condición recoñecida xa na Lei de convivencia e participación da comunidade educativa será igualmente aplicable ás interaccións e actividades que o profesorado desenvolva a través de medios dixitais no exercicio das súas funcións docentes.

### **Formación do profesorado**

No que atinxe á formación do profesorado, o texto inclúe como obrigatoria a formación dixital dos docentes en competencias que se consideren estratéxicas, e tamén se valorará estes coñecementos dixitais como méritos nos procesos selectivos.

Así mesmo, co obxectivo de garantir a coherencia entre a formación inicial nas facultades e a formación permanente nas aulas, facilitarase a formación do profesorado universitario en das facultades de educación en materia de ensino dixital.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### UN TOTAL DE 27.775 ALUMNOS BENEFICIÁRONSE XA DA MATRÍCULA GRATUÍTA IMPULSADA POLA XUNTA NAS UNIVERSIDADES E NAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

- Esta medida, xunto coa conxelación de taxas por décimo sexto ano consecutivo, supoñen un aforro de case 20 M€ ás familias galegas cada curso
- O Consello da Xunta aproba a aplicación destas accións o vindeiro curso, consolidando Galicia como a comunidade coa Universidade máis accesible
- A nosa Comunidade foi pioneira en implantar a gratuidade desde a escola infantil ata os estudos superiores

Un total de 27.775 alumnos beneficiáronse xa, nos dous cursos que leva en marcha a medida, da matrícula gratuítas nas universidades públicas galegas e nas ensinanzas artísticas superiores, unha medida impulsada pola Xunta e que o Consello renovou hoxe para o vindeiro curso, o terceiro consecutivo. Tamén se aprobou conxelar un ano máis, e van 16, as taxas universitarias para o alumnado que non se poida beneficiar desta gratuidade.

Trátase das dúas accións principais promovidas polo Goberno galego para garantir o acceso aos estudos superiores en igualdade de oportunidades e que, en conxunto, aforran ás familias máis de 20 M€ cada curso. Deste xeito, Galicia consolídase como a comunidade autónoma coa Universidade máis accesible, dado que tamén conta cos prezos públicos de matrícula máis baixos do Estado, tanto en grao como en máster. Cómpre salientar, así mesmo, que a Xunta foi a administración autonómica pioneira en implantar a gratuidade desde a escola infantil ata os estudos superiores.

No caso da matrícula gratuítas, poden beneficiarse todos os estudantes de novo ingreso que superasen a fase obrigatoria da PAU en Galicia na convocatoria de 2026 ou un ciclo superior de FP en calquera centro galego. Tamén os de continuidade (segundo e sucesivos cursos) que no actual curso estean matriculados nunha universidade pública galega e aproben o 90 % dos créditos nos graos das áreas de Humanidades e Xurídicas, o 80 % dos créditos nos da área da Saúde e o 65 % no caso das Enxeñarías e graos da área de Ciencias. Deste xeito, a iniciativa prima a excelencia do alumnado e promove a retención de talento na nosa comunidade.

#### **Cifras por universidade**

No que atinxe aos datos por universidades, 10.783 son estudantes da Universidade de Santiago de Compostela, 7.771 da Universidade de Vigo e 8.136 da Universidade da Coruña. Esta cifra incrementarase unha vez que as universidades realicen a revisión completa dos alumnos aos que se lles denegue por algún motivo a bolsa do Ministerio de Educación. No caso das ensinanzas artísticas superiores, beneficiáronse 1.085 alumnos. Ata o momento isto supuxo un aforro de máis de 15,6 M€ ás familias galegas. Así mesmo, no Consello deuse luz verde á conxelación das taxas para o alumnado que non poida beneficiarse da matrícula gratuítas, que supoñen ao ano un aforro de máis de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

11,7 M€ para os fogares galegos. É o décimo sexto ano consecutivo que a Xunta aplica esta política de contención de prezos. No caso do grao universitario, o prezo medio da primeira matrícula mantense en 11,89€/crédito (o segundo máis barato do Estado tras Canarias), 3,22€ menos por crédito cá media estatal.

O prezo medio é en Galicia o mesmo para os másters, sexan habilitantes ou non. Deste xeito, un alumno que estude un máster habilitante en Galicia aboa 3,81€ de media menos por crédito. Nas titulacións non habilitantes a diferenza incrementase ata os 14,34€ de media por crédito.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia compensa ás universidades públicas por esta baixada de ingresos a través do Plan de financiamento universitario ou de libramentos de crédito específicos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE OLEIROS DE DISTINTOS TREITOS EN SEIS ESTRADAS PROVINCIAIS INTEGRADAS NO MUNICIPIO CORUÑÉS**

- Transfírense á Administración local os treitos da DP-5803: pasaxe a Perillo e da DP-5808 Pousada -A Edreira, así como a totalidade das vías provinciais coincidentes cos accesos ás praias de Santa Cristina e de Bastiagueiro, a vía de prolongación ao mar da AC-190 en Coruxo e da estrada Oleiros-Sada á Pousada Edreira
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aprobou o cambio de titularidade a prol do Concello de Oleiros de distintos treitos de seis estradas provinciais.

En concreto, na DP-5803 transfírese o tramo comprendido entre o punto quilométrico 0+270 (rotonda cruce AC174) e o 0+900 (intersección coa AC-173): da Pasaxe a Perillo e na DP-5808 o treito comprendido entre o punto 0+920 (intersección coa AG-13) e o punto 1+240 (intersección coa DP-5813): Pousada - A Edreira.

Ademais, autorízase o cambio de titularidade da totalidade das estradas DP-5804 e DP-5805, de acceso ás praias de Santa Cristina e de Bastiagueiro, respectivamente; a totalidade da DP-5806: prolongación ao mar da AC-190 en Coruxo, e da DP-5809: estrada Oleiros-Sada á Pousada Edreira.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade destes treitos das estradas provinciais DP-5803, DP-5804, DP-5805, DP-5806, DP-5808 e da DP-5809.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Oleiros tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Co cambio de titularidade, o Concello de Oleiros terá a competencia para actuar nestes treitos das seis estradas provinciais, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:




INFORMACIÓN AOS MEDIOS



SITUACIÓN

EMPLAZAMIENTO

DP5806  
 Longitud = 419 m  
 Catada = 1.052 m<sup>2</sup>  
 Dominio Público = 1.258 m<sup>2</sup>




SITUACIÓN

EMPLAZAMIENTO

DP5805  
 Longitud = 512 m  
 Catada = 2.373 m<sup>2</sup>  
 Dominio Público = 3.534 m<sup>2</sup>

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



SITUACIÓN



EMPLAZAMIENTO

DPS808\_2  
 Longitud = 268 m  
 Calzada = 1.477 m<sup>2</sup>  
 Dominio Público = 2.068 m<sup>2</sup>



SITUACIÓN



EMPLAZAMIENTO

DPS804  
 Longitud = 446 m  
 Calzada = 7072 m<sup>2</sup>  
 Dominio Público = 10321 m<sup>2</sup>

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



DP5805	195 m
Longitud =	1454 m <sup>2</sup>
Carzada =	2800 m <sup>2</sup>
Dominio Público =	

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ADAPTA O INTECMAR Á FIGURA DE AXENCIA PÚBLICA AUTONÓMICA

- A medida dá cumprimento ao proceso de adaptación das entidades instrumentais previsto na Lei de organización e de funcionamento do sector público galego
- A modificación permite que o organismo siga exercendo as súas funcións de apoio técnico e de control ambiental e sanitario do medio mariño

O Consello da Xunta deu conta da adaptación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) á figura de axencia pública autonómica, de acordo co previsto na Lei de organización e funcionamento do sector público galego para as entidades instrumentais da Administración autonómica.

Esta modificación organizativa permite que o organismo continúe desenvolvendo a súa actividade baixo unha fórmula xurídica axustada ao marco normativo vixente, mantendo as funcións, capacidades técnicas e servizos que vén prestando desde a súa creación. A nova entidade pasará a denominarse Axencia Autonómica para o Control do Medio Mariño de Galicia (Axencia Intecmar).

Deste xeito, o instituto seguirá exercendo as súas competencias en materia de control das condicións ambientais e sanitarias do medio mariño, vixilancia das zonas de produción de moluscos bivalvos, análise de contaminantes e biotoxinas, seguimento do fitoplancto potencialmente tóxico e apoio técnico á xestión dos recursos mariños.

A adaptación á figura de axencia non supón cambios substanciais na actividade ordinaria do organismo nin comporta custos adicionais para a Administración autonómica. Porén, como organismo de referencia na materia, continuará desenvolvendo tamén as súas tarefas de apoio á seguridade alimentaria, á protección dos recursos mariños e á toma de decisións por parte das administracións e do sector marítimo-pesqueiro.

Coa nova configuración xurídica, a Xunta consolida unha entidade de referencia ao servizo da protección marítima, da seguridade alimentaria, da sustentabilidade ambiental e da competitividade dun sector clave para o desenvolvemento económico e social da comunidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que vai de ano xa percorreron esta ruta máis de 45.000 peregrinos, un 13 % máis que no mesmo período do pasado ano

### **A XUNTA AMPLIARÁ A CAPACIDADE DO ALBERGUE DE BRIALLOS NO CAMIÑO PORTUGUÉS PARA DOTALO DE 16 NOVAS PRAZAS**

Un acordo asinado entre Turismo de Galicia e o Concello de Portas incluírá a construción dunha nova edificación independente nas instalacións

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición do convenio de colaboración a través do que Turismo de Galicia contribuirá financeiramente á reforma e á ampliación do albergue da parroquia de Briallos, en Portas (Pontevedra). En total, o organismo investirá 189.000€ para dotar o aloxamento de novas prazas. O custo total da actuación ascende a máis de 270.000 euros dos que a Xunta achegará case o 70 %.

O albergue público de Briallos, en funcionamento desde 2005, forma parte da Rede Pública de Albergues do Xacobeo e é un establecemento de primeira categoría que conta co recoñecemento Q de calidade. Está situado nun tramo do Camiño Portugués ao seu paso pola parroquia do concello pontevedrés de Portas.

No que vai de ano, máis de 45.000 peregrinos fixeron o Camiño Portugués, que medra a un ritmo do 13 %. Nesta ruta xacobeá, atópanse un total de 10 albergues da Rede Pública do Xacobeo que ofertan máis de 470 prazas.

O convenio, que se asinará entre Turismo de Galicia e o propio concello de Portas, recolle a construción dun novo edificio independente, que se sumará ás dúas edificacións actuais -o bar e o albergue propiamente dito-.

Nesta instalación crearase un novo espazo común, destinado a sala de estar do albergue. Grazas a isto, poderase reformar o edificio do albergue xa existente para substituír a sala de estar orixinal por unha sala de habitacións, o que permitirá aumentar a capacidade en 16 prazas, pasando das 27 iniciais ata as 43.

Ademais, o proxecto recolle que o dimensionamento da estrutura do novo edificio estea deseñado baixo o suposto dunha futura ampliación en altura, que permita a execución dunha planta adicional. De ser así, a actual cuberta (forxado de teito en planta baixa) pasará a converterse no forxado intermedio da planta primeira, destinada a dormitorios.

Este novo convenio ten un carácter estratéxico para a Xunta de Galicia, tanto no que se refire á posta en valor dos recursos turísticos do concello de Portas -e, consecuentemente, á revalorización do turismo da comunidade-, como ao seu impacto

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de cara á celebración do Xacobeo 2027. Desde o Goberno galego estase a realizar un importante esforzo por impulsar unha rede de infraestruturas viarias e de aloxamento, no marco do Plan director dos Camiño de Santiago 2027, no se invisten máis de 140M€.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA NA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE VILAMARÍN E DE BOIMORTO CON ACHEGAS QUE SUMAN MÁIS DE 800.000€

- O Consello da Xunta aproba os convenios de colaboración cos respectivos concellos, a través dos que se construíra un pavillón polideportivo no municipio ourensán e se cubrirá a pista polideportiva na localidade coruñesa
- A medida enmárcase no apoio do Goberno galego ás administracións locais e na aposta polo fomento dunha vida activa e saudable entre a poboación

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta e os concellos de Vilamarín, en Ourense, e de Boimorto, na Coruña, para a mellora das instalacións deportivas municipais con achegas que suman máis de 800.000 euros. Concretamente, no caso da localidade ourensá destinaranse 674.000 euros á construción dun pavillón polideportivo e no do concello coruñés 140.000 euros para a cubrición da pista polideportiva situada en Casanova, na parroquia de Arceo.

O orzamento previsto para Vilamarín representa case o 50 % do total da obra, orzamentada en 1,4 millóns de euros. Así, ao abeiro do convenio, este ano concederanse 132.000 euros e en 2027 os 542.000 restantes. A instalación localizarase no Parque Empresarial, e contará cun deseño de volume rectangular pechado na súa base e unha envolvente branca, que integrará a pista e os vestiarios.

O novo pavillón disporá dunha pista polideportiva regulamentaria, bancada para 216 persoas, vestiarios, aseos, almacén e sala de instalacións. Desenvolverase nunha única planta baixa, organizada arredor dun vestíbulo central con recepción, control e servizos complementarios. As actuacións previstas para a súa execución inclúen movementos de terras, estrutura, envolvente, compartimentación, acabados, instalacións e equipamento do edificio.

O obxectivo da iniciativa é ampliar e mellorar a oferta deportiva municipal. Así, a nova infraestrutura permitirá impulsar a actividade física entre toda a poboación e facilitará a organización de competicións oficiais, reducindo a necesidade de desprazamentos da mocidade a outros municipios. O proxecto intégrase nun futuro Plan estratéxico de apoio ao deporte deseñado polo Concello, orientado a promover a saúde e os valores asociados ao deporte. Constitúe tamén unha aposta estratéxica para o desenvolvemento social, deportivo e económico de Vilamarín.

#### **Actuacións en Boimorto**

Pola súa banda, Boimorto recibirá 140.000 euros para a cubrición da pista polideportiva, o que representa a totalidade do orzamento da obra, para garantir o seu uso durante todo o ano e adaptala ás condicións meteorolóxicas da zona. Segundo recolle o acordo, abonarase unha metade do orzamento este ano e a outra en 2027.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A actuación busca mellorar os servizos deportivos municipais, favorecendo a práctica da actividade física en condicións adecuadas para toda a poboación. Ao tratarse da única pista polideportiva cuberta do concello, permitirá desenvolver numerosas modalidades deportivas e actividades de lecer. Ademais, a cuberta contribuirá á conservación do pavimento e dos equipamentos, aumentando a súa vida útil e a súa rendibilidade.

O proxecto responde á crecente demanda social de instalacións deportivas de calidade e contribuirá á mellora da calidade de vida no medio rural. Tamén se considera unha actuación con impacto positivo no desenvolvemento económico local e na prestación de servizos públicos.

Ambos os convenios enmárcanse no compromiso da Xunta coas entidades locais e na aposta polo fomento dunha vida activa e saudable entre a poboación. Cómpre lembrar que a Xunta está a impulsar a mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal, tanto a través de convenios de colaboración como das liñas específicas de apoio ás entidades locais, co que se busca facilitar a prestación de servizos municipais de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A ADDENDA AO CONVENIO CON ADIF E O CONCELLO DE LUGO PARA DESENVOLVER A NOVA ESTACIÓN INTERMODAL E A SÚA CONTORNA URBANA**

- O texto recolle, entre outros cambios, o incremento do custo das actuacións para responder á modificación dos contratos
- O custo estimado das actuacións acada agora os 59M€, dos que o Goberno galego achegará case 14M€ para a nova estación de autobuses e o aparcadoiro subterráneo
- A addenda recolle tamén unha conexión peonil coa zona alta da cidade, que será asumida polo Concello de Lugo a través dos fondos Feder

O Consello da Xunta autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración suscrito en marzo de 2023 entre a Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e ADIF para o desenvolvemento da nova área de transporte intermodal de Lugo e a súa contorna urbana. A modificación permitirá adaptar o orzamento ao incremento dos custos das actuacións, incorporar unha nova conexión peonil entre a futura intermodal e a zona alta da cidade e ampliar en dous anos a vixencia do convenio para garantir a execución e o remate de todas as obras previstas.

Os cambios realizados responden aos acordos adoptados pola Comisión de Seguimento do convenio e teñen como finalidade adaptar o documento á evolución das actuacións en marcha. Entre os seus principais obxectivos destaca a actualización do financiamento para facerlle fronte ao incremento orzamentario derivado das modificacións dos contratos de obra e das asistencias técnicas, así como ás previsións de liquidación final dos traballos.

O custo estimado das actuacións pasa agora dos 49,26 millóns de euros previstos inicialmente a 59,39 millóns de euros, o que supón un incremento superior aos dez millóns de euros. No novo documento, a Xunta ve incrementado o seu orzamento en 128.886 euros, o que supón pasar de financiar 13.681.981 euros no convenio inicial a 13.810.868 na addenda 1. A Xunta, como estaba previsto no convenio de 2023, asume o custo total da nova estación de autobuses e achega un 37,50 por cento do orzamento do aparcadoiro subterráneo.

Entre as novidades máis relevantes recollidas no novo texto atópase a inclusión dunha nova actuación destinada a completar a conexión da futura área intermodal coa zona alta da cidade, mellorando a accesibilidade peonil e a integración urbana da intermodal. Esta actuación será financiada polo Concello de Lugo con fondos Feder no marco da Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (plan EDIL).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Aposta firme pola intermodalidade**

O Goberno galego reafirma o seu compromiso coa intermodalidade en Galicia, facilitando o traspaso de pasaxeiros entre os diferentes modos de transporte, e aposta pola transformación da mobilidade nas contornas urbanas con desprazamentos máis limpos e sostibles. A actual estación de autobuses de Lugo, agora situada a 850 metros da de tren, estará localizada cando rematen as obras xunto á de ferrocarril para potenciar o uso do transporte público.

A nova estación tamén contribúe á integración dos barrios, ao proxectarse como unha ponte sobre as vías do tren, incorporando a Lugo o parque do Sagrado Corazón e conectando tanto este como a estación co novo crecemento previsto na zona norte de Lugo.

Co obxectivo de seguir facendo cidade en Lugo, a Xunta avanza nesta obra xunto con outros importantes investimentos como os 1,2 millóns de euros destinados ao aparcadoiro disuasorio da avenida de Breogán.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA APROBA O PLAN DIRECTOR DA INDUSTRIA TIC CO  
OBJECTIVO DE CONSOLIDAR GALICIA COMO REFERENTE  
EUROPEO EN DIXITALIZACIÓN**

- Rueda resalta que o Goberno galego destinará “case 62 millóns de euros ata o 2028” en axudas ao sector para “mellorar a competitividade e xerar emprego de calidade”
- Salienta unha liña de achegas específica para promover proxectos de I+D+i “en tecnoloxías cuánticas e intelixencia artificial”
- Outra das novidades do Plan será a elaboración dunha estratexia do dato do sector público autonómico e medidas para crear empresas TIC de tamaño medio ou grande
- O sector TIC galego representa arredor do 2,5 % do PIB galego, factura preto de 4.000 millóns de euros ao ano e experimentou un ritmo de crecemento do 21 % desde o ano 2020 con 4.000 novos profesionais
- Galicia é a 6ª comunidade autónoma en emprendemento, con 229 *startups* e 15 xa consolidadas (*scaleups*) e unha alta participación en programas europeos no eido da innovación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello “aproba o Plan director da industria TIC 2026-2028, a folia de ruta coa que está previsto mobilizar case 62 millóns de euros en apoio ao sector”. “O obxectivo é mellorar a competitividade das empresas TIC, xerar emprego de calidade e facer fronte aos retos do sector”, indicou.

Deste xeito, o sector TIC de Galicia conta desde hoxe cunha nova ferramenta para facilitar o proceso de transformación cara a unha economía verde e sustentable e incrementar a competitividade das empresas deste ámbito. A nova folia de ruta mobilizará 61,8 millóns de euros en apoios ao sector, que se concretan en 77 medidas que teñen como obxectivo impulsar a creación de novas solucións e produtos ao tempo que se xera emprego de calidade e de alto valor engadido.

O TIC galego ten un considerable impacto na actividade económica pola súa alta taxa de innovación: somos a 6ª comunidade autónoma en emprendemento, con 229 *startups* e 15 xa consolidadas (*scaleups*). Un sector que se caracteriza por unha alta participación en programas europeos de I+D+i e que representa arredor do 2,5 % do PIB e o 2,2 % do emprego de Galicia, acadando as 23.467 afiliacións. Cómpre subliñar o seu ritmo de crecemento: un 21 % desde o 2020 con 4.000 novos profesionais incorporados ás 3.108 empresas que conforman o tecido industrial. E uns 3.932 millóns de euros de facturación anual no ano 2024, segundo se reflicte no informe elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga).

Malia estes bos datos, o sector TIC de Galicia, declarado estratéxico para efectos de elaborar o seu plan director, en febreiro de 2024, presenta unha importante fragmentación, unha ausencia de medianas e grandes empresas e unha excesiva especialización cara ás actividades de programación e consultoría (o 67 % dedícanse a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

este labor), polo que resultaba necesario impulsar a creación de novas solucións que acheguen valor engadido ao sector.

Porén, o novo plan director estrutúrase en dous obxectivos estratéxicos, 6 eixos de actuación e 8 ámbitos de prioridades que inclúen unha batería de 77 medidas dirixidas a consolidar Galicia como referente europeo na dixitalización e na adopción de tecnoloxías disruptivas, cun ecosistema TIC robusto e colaborativo que fomente o desenvolvemento económico, a creación de emprego e a transición cara a unha economía verde e dixital.

Entre as actuacións previstas para executar ata 2028 destacan, segundo indicou o presidente, “una nova liña de axudas para que pequenas empresas se incorporen o negocio das tecnoloxías cuánticas e a intelixencia artificial” así como a elaboración dunha estratexia do dato do sector público autonómico para unha mellor xestión e integración no marco legal vixente. Así mesmo, levaranse a cabo iniciativas para fomentar a creación de empresas con maior dimensión, capacidade tractora e cadeas de valor globais para reforzar o posicionamento internacional do sector e favorecer a escalaxe empresarial.

O plan establece un sistema de gobernanza para asegurar a súa correcta execución e seguimento, no que se garante a coordinación e a participación das entidades e axentes económicos e sociais que participaron na súa elaboración: empresas, clústeres e asociacións industriais, centros tecnolóxicos, universidades, colexios profesionais, organizacións sindicais e empresariais, e a Administración pública

### **Estratexia de promoción industrial**

Ata o de agora, tal e como explicou o presidente, o Goberno galego ten declarados nove sectores como estratéxicos para a economía: a automoción, a construción naval, o forestal-madeira e a propia industria TIC, que xa contan con cadanseu plan director aprobado; o sector da industria alimentaria, o da función loxística, a industria da construción, a metalmecánica e o sector téxtil e da confección, que están en tramitación, completan a listaxe.

A elaboración dos plans directores dos sectores declarados estratéxicos forma parte da estratexia de promoción industrial da Consellería de Economía e Industria e complementa o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais co obxectivo de facilitar o proceso de transformación das industrias galegas e impulsar novas oportunidades de negocio que xeren riqueza e emprego de calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA LICITA OS SETE PRIMEIROS CONTRATOS PARA A REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN DE SOLO PARA VIVENDA, FUNDAMENTALMENTE PROTEXIDA

- O titular do Executivo galego destaca que o importe de licitación deste contrato supera os 6,36 M€
- Trátase da redacción dos proxectos de urbanización dos primeiros sete PIAs aprobados para a dotación de solo residencial para esta novas vivendas
- Sinala que con esta licitación a Xunta avanza no compromiso de urbanizar solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas
- O Goberno galego é pioneiro en empregar esta figura dos Proxectos de Interese Autonómico para axilizar prazos para que estes fogares sexan unha realidade canto antes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta autorizou a licitación dos contratos para a redacción dos proxectos de urbanización dos sete Proxectos de Interese Autonómico (PIA) "que xa teñen aprobación inicial". O importe de licitación do contrato será de 6.366.604,24 euros.

Tal e como detallou o presidente, o contrato inclúe os seguintes sete lotes:

- Lote 1. Santiago de Compostela. Mallou. Previstas 3.609 vivendas
- Lote 2. A Coruña. SUD Monte Mero. Previstas 4.397 vivendas.
- Lote 3. Arteixo. A Baiuca – A Penouqueira. Previstas 160 vivendas.
- Lote 4. Lugo. SR-5 Sagrado Corazón. Previstas 1.265 vivendas
- Lote 5. Ourense. SU1 Escorial-Vinteún. Previstas 1.435 vivendas
- Lote 6. Pontevedra. SB2-Fase II e SB5 (San Mauro). Previstas 2.010 vivendas
- Lote 7. Vigo. SUB 405 Ofimático. Previstas 2.000 vivendas

Rueda sinalou que, en total, nos sete PIAs para os que se licita a redacción do proxecto de urbanización aloxarán 14.876 vivendas. En todos os ámbitos, do total das vivendas construídas "o 80 por cento das vivendas van ser protexidas" e o 20 por cento restante libres.

A Xunta licitará esta mesma semana este contrato, contando os interesado nestes lotes cun prazo dun mes para a presentación de ofertas. Rueda afirmou que o obxectivo é que as obras de urbanización "se poidan licitar en 2027", unha vez aprobados os proxectos e adquiridos os terreos.

Ademais destes sete PIAs a Xunta traballa noutros seis emprazados, outro máis en Vigo, xunto cos de Vilagarcía de Arousa, Marín, O Porriño, Ribadeo e Cangas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes PIAs forman parte da Estratexia Galega de Solo Residencial a desenvolver nas grandes cidades, no seu entorno e en zonas de alta demanda, para a construción de 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas.

O Goberno galego é pioneiro en empregar esta figura dos Proxectos de Interese Autonómico para axilizar prazos para que estes fogares sexan unha realidade canto antes.

Deste xeito, a Xunta ten en marcha 13 PIA en 12 concellos no que vai de lexislatura: Lugo, Vigo (son 2), Arteixo, Pontevedra, Ourense, A Coruña, Santiago de Compostela, Marín, O Porriño, Vilagarcía de Arousa, Ribadeo e Cangas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA COLABORA CO CONCELLO OURENSÁN DE SAN XOÁN DE RÍO PARA A HUMANIZACIÓN DA PRAZA PEDRO FERNÁNDEZ, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 172.000 EUROS**

- Trátase de revitalizar a praza e homoxeneizar o núcleo de San Xoán de Río a través da conexión física e visual dos puntos estratéxicos do concello, permitindo unha maior cohesión entre a xente e dotando a vila dun espazo de calidade
- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, máis de 120.000 euros, contratará e executará as obras
- Esta actuación forma parte do Plan Hurbe impulsado pola Xunta, co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade
- O Executivo autonómico coopera coas entidades locais en accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de San Xoán de Río para a execución das obras de humanización da praza Pedro Fernández, que suporá un investimento total de algo máis de 172.000 euros.

A Xunta, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación, achegará o 70 % do orzamento desta intervención, con máis de 120.000 euros, contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de San Xoán de Río asumirá o 30 % restante do custo das obras, algo máis de 51.000 euros; así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

A través deste convenio, ao abeiro do chamado Plan Hurbe impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, proxectase revitalizar a praza e homoxeneizar o núcleo de San Xoán de Río a través da conexión física e visual dos puntos estratéxicos do concello, permitindo unha maior cohesión entre a xente e dotando a vila dun espazo de calidade.

O Concello de San Xoán de Río leva desde hai tempo executando obras de recuperación, tanto de elementos arquitectónicos como de viarios existentes, mellorando as condicións de circulación e de accesibilidade, co fin de revalorizar o patrimonio presente no Concello e incentivando así a súa recuperación no reto demográfico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A praza obxecto deste proxecto forma parte do centro neurálxico do municipio ourensán, xa que no contorno desta se atopan o bar da vila, que constitúe un verdadeiro centro social e un punto de encontro dos veciños, unha pensión con restaurante de recente construción, unha área deportiva, o centro de saúde e a Casa do Concello.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2027.

Estas intervencións forman parte da continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.


*Imaxes e planos da zona da actuación:*

### FOTO REPRESENTATIVA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### PLANO REPRESENTATIVO



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PROXECTO DUNHA SENDA NA LU-234 AO SEU PASO POR OMBREIRO, NO CONCELLO DE LUGO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 870.000 EUROS**

- Trátase de habilitar nas marxes desta vía autonómica un itinerario de algo máis de 1,2 quilómetros de lonxitude de uso compartido peonil-ciclista entre a Ponte e Riazón, fomentando a mobilidade sustentable e mellorando a seguridade viaria
- O Goberno galego segue traballando no reforzos da seguridade dos usuarios máis vulnerables das vías, coa execución destes itinerarios que favorecen os desprazamentos dos cidadáns, máis cómodo, máis seguro e máis saudable

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á aprobación do proxecto para executar unha senda na estrada autonómica LU-234 ao seu paso pola parroquia de San Martiño de Ombreiro, no concello de Lugo.

O obxectivo desta intervención, cuxa execución suporá un investimento estimado de 869.819,36 euros, e habilitar un itinerario seguro de uso compartido peonil-ciclista, de algo máis de 1,2 quilómetros de lonxitude, en paralelo á marxe esquerda desta vía autonómica, entre os núcleos rurais da Ponte e Riazón, posibilitando coa súa execución o fomento da mobilidade sostible en condicións seguras.

A aprobación definitiva hoxe deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública. Unha vez aprobado hoxe o proxecto de trazado, seguirase coa tramitación do proxecto construtivo co que se materializará a execución das obras. O prazo de execución da intervención é de 12 meses.

#### **A intervención**

En concreto, a intervención deseñada pola Xunta consiste na execución, en paralelo á estrada LU-234, dunha senda de uso compartido peonil e ciclista, entre os puntos 3+350 e 4+630 do dito viario. A traza discorre na súa totalidade dentro do municipio de Lugo, entre os núcleos da Ponte e de Riazón, e o obxectivo é completar un itinerario seguro entre ambas as poboacións.

O itinerario discorrerá pola marxe esquerda, adxacente á estrada e mantendo o mesmo trazado que esta. Considérase un ancho de senda de 2,5 m, incluíndo o bordo estético de 0,22 m e establécese unha beiravía de 0,5 m. A senda elévase 10 centímetros sobre a beiravía como norma xeral salvo nos accesos, onde se rebaixa ata os 2 centímetros e nas interseccións, onde se achaira coa cota da calzada.

Tamén se acondicionará a parada de autobús do punto quilométrico 4+490 para mellorar a súa accesibilidade, mantendo o refuxio existente, pero desprazándoo de forma que quede un paso de 2,50 metros de ancho por diante del e unha franxa de 30 centímetros por detrás para a súa limpeza.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En todo o percorrido o pavimento empregado será de formigón coloreado en cor terra. Nos accesos ás parcelas e nos cruzamentos cos camiños municipais o formigón incrementará o seu espesor e irá reforzado con malla electrosoldada de aceiro. Empregarase pavimento podotáctil nos cruzamentos coas estradas municipais e na anteriormente citada parada de autobús.

Para minimizar as futuras afeccións á senda debido a obras de redes de servizos, planéase a inclusión dun prisma de canalización de telecomunicacións baixo a beirarrúa. Analogamente, proxéctase outra canalización para a rede eléctrica.


Por último, hai que destacar que, durante os traballos de construción, será necesario recuar ou retirar catro postes da rede de iluminación e reforzar a cimentación dun poste da rede eléctrica. Tamén se axustarán as cotas de varios pozos e arquetas para adaptalos á superficie da senda.

Esta nova intervención na LU-234 financiarase con fondos Feder 21/27.


O Executivo autonómico segue traballando no reforzos da seguridade dos usuarios máis vulnerables das vías, que son os peóns e os ciclistas, toda vez que este tipo de itinerarios favorecen os desprazamentos dos cidadáns, pero dun xeito máis cómodo, máis seguro e máis saudable.

*Itinerario da senda proxectada na LU-234 que se aprobou hoxe:*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




*Itinerario da senda proxectada*



*Sección transversal da senda*

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta de actuacións

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITA POR MÁIS DE 8,4 M € A SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE INFUSIÓN CON DESTINO AOS CENTROS SANITARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

- O expediente inclúe a compra de equipos de infusión de solucións intravenosas e de sangue, sistemas de irrigación urolóxica, reguladores de fluxo e de alongadores arteriais, entre outros
- O contrato terá unha duración inicial de tres anos, e poderá ser ampliado por 24 meses máis
- Trátase da segunda compra centralizada deste tipo de material, coa que se espera acadar un aforro estimado de máis de 781.439 € ao ano (- 24 %)

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación, por importe de 8.404.333 euros, da subministración sucesiva de diversos equipos de infusión e os seus accesorios, con destino aos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde co fin de dotar o sistema sanitario público galego deste equipamento durante os próximos tres anos.

Trátase da segunda compra centralizada dun tipo de material sanitario que resulta indispensable na actividade diaria das unidades de hospitalización, os servizos de urxencias, coidados intensivos (UCI), quirófanos e hospitais de día, ao permitir garantir a administración segura e eficaz dos medicamentos e fluídos que precisen os pacientes.

Este novo expediente, distribuído en 13 lotes, inclúe a compra de equipos de infusión de solucións intravenosas e de sangue, sistemas de irrigación urolóxica, claves con diferentes números de vías, reguladores de fluxo e alongadores venosos e arteriais.

Os novos sistemas subcutáneos permiten dar resposta ao incremento actual de tratamentos crónicos e de longa duración que se rexistran na actualidade. Neste sentido, estes dispositivos minimizan os riscos asociados a posibles erros de dosificación ou infeccións, ao tempo que protexen o persoal sanitario contra posibles lesións causadas por puncións accidentais.

#### **Segunda compra centralizada deste equipamento**

O expediente autorizado esta mañá suporá a segunda contratación centralizada do Servizo Galego de Saúde deste tipo de material. Deste xeito, o Executivo galego incide no seu obxectivo de garantir a máxima homoxeneización de produtos e procedementos para asegurar a maior calidade e equidade na atención dos usuarios da sanidade pública galega.

O expediente autorizado esta mañá prevé a posibilidade de que o contrato poida ser prorrogado por dous anos máis, acadando así un valor estimado de 13.130.409 euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este contrato e o modelo de adquisición centralizada escollido, o Servizo Galego de Saúde estima que poderá acadar un aforro para os 5 anos máximos de duración do contrato de 781.439 € ao ano (- 24 %).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 20,8 M€ NA COMPRA DE MEDICAMENTOS BIOLÓXICOS DESTINADOS AO TRATAMENTO DE PATOLOXÍAS COMPLEXAS**

- O acordo inclúe a adquisición de fármacos para o tratamento de enfermidades oncohematolóxicas, esclerose múltiple, doenzas inmunomediadas como a artrite reumatoide e diversas enfermidades raras
- O contrato terá unha duración inicial de dous anos, considerando posibles prórrogas ata un máximo de cinco
- O expediente distribúese en oito lotes diferenciados por principio activo
- Trátase da primeira compra centralizada de cinco destes medicamentos, unha medida que, no seu conxunto, permitirá aforrar máis de 6,2 millóns ao ano, de acordo aos prezos actuais

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á licitación dun novo expediente de contratación para adquirir medicamentos biolóxicos destinados ao tratamento de patoloxías complexas. O Executivo galego destina unha partida de 20.814.061 euros para a subministración de 8 fármacos diferentes que pertencen ao grupo dos anticorpos monoclonais.

A compra inclúe a adquisición de tratamentos intravenosos indicados en diversas enfermidades de tipo oncohematolóxico, enfermidades inmunomediadas (como a enfermidade inflamatoria intestinal ou a artrite reumatoide), a esclerose múltiple e diferentes enfermidades raras, como a hemoglobinuria paroxística nocturna ou da Síndrome hemolítica urémica atípica, entre outras.

Distribuído en 8 lotes diferenciados por principio activo, o expediente inclúe a compra dos seguintes fármacos: Bevacizumab, Eculizumab, InBliximab, Natalizumab, Rituximab, Tocilizumab, Trastuzumab, Ustekinumab.

O contrato terá unha duración inicial de dous anos e poderá ser prorrogado ata un máximo de cinco anos, acadando neste caso un valor estimado de 54.036.507 euros (sen IVE).

A Administración galega empregará a modalidade de compra centralizada, por primeira vez, en cinco destes medicamentos, unha medida que, engadida á expiración de varias patentes e a entrada dos fármacos biosimilares no mercado, permitirá acadar un aforro de 6.201.681 € ao ano (- 38 %).

Máis alá do impacto económico, esta contratación ten como obxectivo principal asegurar a calidade asistencial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A CONSELLERÍA DE SANIDADE CREARÁ UNHA CENTRAL DE COMPRAS PARA CONSOLIDAR UNHA ESTRATEXIA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA QUE IMPULSOU XA AFORROS DE MÁIS DE 31,5 M€ NO ÚLTIMO ANO**

- Iníciáanse os trámites para acadar un modelo de contratación corporativo máis integrado, eficiente e homoxéneo para as sete áreas sanitarias, apoiado nas capacidades tecnolóxicas e organizativas actuais da Administración
- Entre o segundo semestre de 2025 e o primeiro semestre deste ano licitáronse por primeira vez de forma centralizada 9 contratos, o que permitirá un aforro de máis de 16,27 M€
- Ademais, deuse continuidade a outros 5 contratos centralizados, cun aforro de 15,23 M€
- Actualmente están en proceso de licitación 12 contratos de produtos sanitarios, non sanitarios e implantes cos que está previsto economizar preto de 6,9 M€ máis
- O Servizo Galego de Saúde tamén está a homoxeneizar os tipos de produtos e material funxible sanitario adquiridos nas distintas áreas sanitarias, co fin de reducir a variabilidade de prezos e tamén a diferenza de características dos produtos
- A centralización das compras de material sanitario vese favorecida ao contar coa Plataforma lóxística sanitaria de Galicia, que o Servizo Galego de Saúde ten en Negreira e que ten capacidade para atender emerxencias en menos de 3 horas
- Estas medidas seguen a liña marcada pola Lei de racionalización do sector público autonómico que promoveu o Goberno galego

A Xunta seguirá a incrementar a eficiencia e sostibilidade económica da sanidade pública a través da creación da Central de Compras da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Este modelo permitirá consolidar unha estratexia de centralización de contratacións para o sistema público de saúde que, cos expedientes licitados no último ano, permitiu impulsar xa un aforro de 31.504.879,05 euros.

Ademais de facer balance dos resultados acadados con esa liña de actuación, o Consello da Xunta acordou hoxe o impulso da Central de Compras para a sanidade pública.

Para a súa creación, en primeiro lugar, analizaranse os actuais procedementos de contratación para identificar a posibilidade de reducir prazos e mellorar a planificación. A continuación, definiranse as adaptacións de organigrama e funcións para a configuración completa da Central de Compras, tanto a nivel das áreas sanitarias como de servizos centrais.

Entre os trámites previstos tamén está realizar os cambios precisos para a transición desde o modelo actual, con múltiples centros de gasto, cara a un modelo centralizado que permita unha xestión integrada dos recursos para os bens que se declaren de contratación centralizada. Por último, identificaranse e executaranse as adaptacións

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tecnolóxicas necesarias para garantir a interoperabilidade, a rastrexabilidade, o seguimento da contratación e a xestión lóxística asociada.

O fortalecemento da contratación centralizada é unha ferramenta clave na contención do gasto sanitario, xa que a agregación da demanda a nivel autonómico permite acadar condicións máis vantaxosas cos provedores, optimizar prezos mediante economías de escala e reducir a dispersión de custos entre centros. Ademais, facilita unha planificación máis precisa das necesidades.

Esta estratexia non persegue exclusivamente obxectivos económicos, xa que a calidade asistencial constitúe un elemento prioritario en todos os procedementos de contratación e a valoración técnica dos produtos continuará a representar un elemento esencial na selección das ofertas economicamente máis vantaxosas.

Nesta liña de traballo, a Consellería de Sanidade presentou ante o Consello da Xunta un balance do plan de contratación centralizada durante o segundo semestre de 2025 e o primeiro semestre de 2026.

Neste período, o Servizo Galego de Saúde licitou por primeira vez de forma centralizada nove contratos de material sanitario e implantes, acadando un aforro global de 16.271.751,13 euros e un aforro medio dun 19,58 %. Entre os procedementos con maior impacto económico destacan a compra de drenaxes cirúrxicas, torácicas e outros (cun aforro de 4.855.204,12 euros); fundas, termometría e normotermia (cun aforro de 3.777.206,00 euros); ou equipos para bombas de infusión, nutrición e medicación (aforro de 2.911.626,78 euros).

Ademais, nestes últimos 12 meses licitáronse novamente cinco contratos xa previamente centralizados, cun aforro total de 15.233.127,92 euros e un aforro medio dun 12,12 %. Son de salientar os aforros dos contratos de subministración de xiringas, agullas e material de bioseguridade (11.415.326,67 euros) ou válvulas cardíacas biolóxicas percutáneas (2.377.990,56 euros).

Actualmente, están en fase de licitación 12 procedementos máis de contratación centralizada, cunha previsión de aforro de 6.892.859,80 euros, que podería incrementarse unha vez coñecidas as ofertas dos licitadores.

### **Homoxeneización do material e aforro**

De forma complementaria á contratación centralizada, o Servizo Galego de Saúde continúa a desenvolver actuacións de homoxeneización de produtos sanitarios adquiridos polas áreas sanitarias na procura dunha maior racionalización do gasto público e redución da variabilidade de prezos, garantindo en todo caso a calidade asistencial dos pacientes.

As actuacións executadas supoñen un aforro anual estimado de 383.560,86 euros, unificando as compras de curretas epidérmicas ou equipos de infusión.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outro dos beneficios da extensión progresiva da contratación centralizada na sanidade pública é a diminución do número de adquisicións realizadas mediante contratos menores. Desta forma, refórzanse os principios de concorrencia, transparencia e eficiencia na utilización de fondos públicos.

Estas medidas de eficiencia do sistema sanitario son posibles, en parte, debido a que o Servizo Galego de Saúde puxo en marcha a Plataforma loxística sanitaria de Galicia, referente a nivel nacional. A plataforma, situada en Negreira, conta cunha infraestrutura automatizada capaz de procesar máis de 11.000 solicitudes de material diarias e de recibir máis de 2.000 entregas de provedores cada día.

A plataforma funciona todos os días do ano, as 24 horas, garantindo para calquera centro sanitario de Galicia que as necesidades emerxentes son atendidas en menos de dúas horas e media, e as urxentes en menos de 24 horas.

Finalmente, o Servizo Galego de Saúde está a potenciar tamén a contratación centralizada de medicamentos de farmacia hospitalaria para contribuír ao financiamento da innovación terapéutica e farmacolóxica, á contención do gasto farmacéutico hospitalario, así como a conseguir aforros na compra dos fármacos destinados aos seus centros sanitarios.

Entre os grupos de medicamentos adxudicados por este sistema están os destinados a pacientes de esclerose múltiple, hematolóxico-oncolóxicos, terapias avanzadas para mieloma múltiple, antirretrovirais de VIH, entre outros.

Estas medidas adoptadas pola Consellería de Sanidade enmárcanse nas indicacións recollidas na Lei de racionalización do sector público autonómico que promoveu o Goberno galego. Tal e como considera, a contratación centralizada permite acadar unha maior eficiencia na xestión e obter economías de escala, coa conseguinte redución de prezos e custos de transacción, así como a profesionalización do sistema público de compras.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA INVISTE MÁIS DE 5,7 M€ NA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO ELECTROMÉDICO E MOBILIARIO PARA O NOVO EDIFICIO C DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- Dividido en 5 grandes grupos, a Xunta licitará entre xullo e agosto a dotación do equipamento electromédico, o mobiliario clínico e de oficina, os equipos informáticos e o instrumental clínico e cirúrxico das unidades asistenciais do novo inmoble
- Entre outro material, o Servizo Galego de Saúde adquirirá lámpadas cirúrxicas, mamógrafos dixitais, padiolas, ecógrafos, sistemas de monitorización ou o equipamento dos servizos de Otorrinolaringoloxía
- Está previsto que as obras do edificio C sexan entregadas este verán para proceder, a continuación, ao seu equipamento co obxectivo de que poida estar funcionando o último trimestre deste ano
- O novo edificio albergará a Unidade de reprodución humana asistida, que disporá de consultas, habitacións, laboratorios, sala de transferencia e un quirófano propio
- Tamén acollerá a unidade de mama, que integrará todas as consultas vinculadas á patoloxía mamaria, incluíndo xinecoloxía, cirurxía xeral, *screening*, radioloxía e zona de informado, ademais de dous equipos de mamografía diagnóstica dixital
- A área de hospitalización de día contará, ademais de consultas, cun total de 60 postos e a unidade de dor e de anestesia disporá de 10 postos de recuperación, 1 sala de técnica especiais e 1 quirófano
- A ampliación do complexo hospitalario compostelá tamén albergará consultas externas e os gabinetes de otorrinolaringoloxía, nos que se incorporará unha área de logopedia e unha sala de curas

O Consello da Xunta de Galicia tomou razón esta mañá do Plan de investimentos para a dotación de equipamento electromédico, alta tecnoloxía e mobiliario clínico do novo Edificio C do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, ao que destinará un investimento de 5.700.960 euros.

Co obxectivo de adquirir o equipamento necesario para os servizos asistenciais que albergará este inmoble sanitario, entre os meses de xullo e de agosto o Servizo Galego de Saúde licitará os expedientes para a dotación do mobiliario e equipamento sanitario necesario para a súa posta en marcha, que estará dividido en cinco grandes grupos.

Máis concretamente, o Executivo galego destinará 4.211.705 euros na adquisición de equipamento electromédico. En concreto, estes lotes incorporarán lámpadas cirúrxicas, mamógrafos dixitais, ecógrafos, sistema de monitorización, así como os equipos específicos para os servizos de otorrinolaringoloxía.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a Xunta investirá 555.625 € na dotación de mobiliario clínico para o novo edificio hospitalario, entre o que se incluírán padiolas, carros, mesas auxiliares ou cadeiras de pacientes, entre outros.

O Plan de investimentos do novo Edificio C do hospital compostelán tamén inclúe un apartado específico destinado á compra de mobiliario xeral e de oficina para equipar as consultas, as salas de espera e as zonas comúns da infraestrutura. Este expediente contará cun importe de licitación de 645.160 euros.

O cuarto grupo de material incorpora o equipamento informático e o vinculado aos sistemas da información. Para este fin, o Goberno galego consigna un orzamento de 243.550 €.

Por último, os expedientes de licitación para equipar a nova ampliación do Hospital Clínico de Santiago de Compostela completaranse co adquisición do instrumental clínico e cirúrxico que precisarán as súas unidades asistenciais. Neste caso, o importe previsto ascende a 44.920 euros.

### **Novo equipamento para servizos unificados**

Está previsto que as obras do edificio C sexan entregadas este verán para proceder, a continuación, ao seu equipamento co obxectivo de que poida estar funcionando o último trimestre deste ano.

Tras rematar o Edificio C, a Unidade de reprodución humana asistida, disporá de consultas, habitacións, laboratorios, así como dunha sala de transferencia e un quirófano propio no novo inmovible.

Pola súa banda, a unidade de mama integrará todas as consultas vinculadas á patoloxía mamaria, incluíndo xinecoloxía, cirurxía xeral, *screening*, radioloxía e zona de informado. Cómpre destacar que esta unidade contará con dous equipos de mamografía diagnóstica dixital con tomosíntese, contraste, tomobiopsia e biopsia por contraste.

Ademais das súas respectivas consultas, a de Hospitalización de Día contará cun total de 60 postos e Unidade da Dor e de Anestesia disporá de 10 postos de recuperación, unha sala de técnicas especiais e un quirófano.

A ampliación do complexo hospitalario compostelán tamén acollerá as consultas externas e os gabinetes de otorrinolaringoloxía, nos que se incorporará unha área de logopedia e unha sala de curas.

O Plan de investimentos do novo Edificio C do Hospital de Santiago de Compostela reafirma o compromiso da Xunta coa modernización tecnolóxica e a mellora continua da calidade asistencial que o sistema sanitario público lle presta á poboación galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INCLÚE OS VIDEOXOGOS NA SÚA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA CULTURAL CUN PRIMEIRO CONVENIO COA PRINCIPAL ASOCIACIÓN DO SECTOR

- O acordo abrangue a produción dunha serie documental de 12 pezas audiovisuais para dotar de visibilidade os profesionais do ecosistema e os seus principais traballos
- Porase en marcha unha liña de asesoramento profesional para identificar oportunidades de negocio, mellorar a comunicación ou participar en feiras especializadas
- O convenio, no que o Goberno galego inviste 42.000 euros, ten en conta o crecente tecido cultural dedicado aos videoxogos e o seu potencial para xerar emprego cualificado e fomentar o coñecemento e a innovación

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración por valor de 42.000 euros para o desenvolvemento de diversas iniciativas de difusión, visibilidade e capacitación levadas a cabo pola Asociación Galega de Videoxogos e Contidos Interactivos Videoxogo.gal. Constitúese así a incorporación por vez primeira deste sector na planificación estratéxica do Goberno galego sobre actuacións de fomento de actividades culturais mediante este tipo de acordo directo.

Para esta iniciativa, a Xunta ten en conta tanto o crecente tecido cultural dedicado aos videoxogos como a elevada representatividade de Videoxogo.gal, colectivo que marcou esta acción como prioritaria, en resultado do diálogo aberto e continuo coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Así, o convenio parte da base de que esta industria debe consolidarse como un sector estratéxico da economía cultural e creativa galega, un ámbito dun elevado potencial para a xeración de emprego cualificado, a retención de talento e a creación de valor engadido baseado no coñecemento e na innovación.

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de dúas liñas concretas de acción. Dunha banda, a difusión e visibilidade do sector galego do videoxogo, para o que se prevé a produción dunha serie documental composta por doce pezas audiovisuais protagonizadas por empresas, estudos, profesionais e proxectos representativos do ecosistema galego do videoxogo. As gravacións realizaranse en estudos, centros formativos, espazos culturais e outras localizacións vinculadas á actividade do sector. As pezas resultantes terán unha duración aproximada de entre 12 e 14 minutos e estarán concibidas como ferramentas de divulgación e coñecemento sectorial, ofrecendo unha visión ampla das diferentes profesións, actividades e ámbitos que conforman a industria do videoxogo en Galicia. A súa comunicación ao público farase a través das principais redes sociais.

Nunha segunda liña sitúase o apoio ao tecido profesional, mediante o desenvolvemento de accións orientadas ao fortalecemento das capacidades organizativas, empresariais e de proxección exterior das empresas, estudos e profesionais galegos do videoxogo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ofreceráse apoio e asesoramento en materias relacionadas coa identificación de oportunidades de financiamento e subvencións, preparación de documentación profesional, mellora da comunicación e da presenza dixital, participación en feiras e eventos profesionais, internacionalización, establecemento de contactos sectoriais e detección de necesidades formativas. Así mesmo, elaboraranse recursos e materiais de utilidade para o conxunto do ecosistema, recompilarase información sobre as principais demandas do sector e identificaranse áreas prioritarias de actuación que permitan orientar futuras iniciativas de apoio e desenvolvemento.

Ademais do seu impacto económico, o videoxogo representa unha ferramenta relevante para a difusión e proxección internacional da lingua, identidade e cultura galegas, xa que a través de contidos interactivos innovadores, as empresas galegas teñen a capacidade de crear produtos culturais que conecten con audiencias de todo o mundo, incorporando referentes patrimoniais, históricos e lingüísticos propios.

Neste contexto, o apoio ao proxecto impulsado por Videoxogo.gal para 2026 resulta de especial interese para fortalecer e dotar de cohesión o ecosistema galego neste eido, favorecer o nacemento de iniciativas empresariais, promover o consumo de videoxogos desenvolvidos en Galicia e en lingua galega e incrementar o coñecemento social de todo o sector. Contribuirase así a reforzar a proxección pública dunha industria cultural estratéxica, mellorando a súa competitividade e consolidando Galicia como un territorio de referencia no ámbito dos contidos dixitais e interactivos.

Videoxogo.gal nace en 2018 como espazo de encontro, visibilidade e conexión de todos os profesionais e empresas creadoras deste ámbito. Con máis de 60 asociados na actualidade, o colectivo aspira a converterse en canle común de representación do sector e lugar desde o que construír un ecosistema industrial diverso e estable en Galicia e vén participando activamente no desenvolvemento de iniciativas, grupos de traballo e eventos de referencia para o sector, tanto a nivel galego como estatal.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 20 M€ A PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO E DE COOPERACIÓN APOSTANDO POLO REFORZO LABORAL DE EIDOS ESTRATÉXICOS COMO OS SERVIZOS SOCIAIS**

- O Consello de Goberno aprobou hoxe, por unha banda, a convocatoria 2026-2027 dos programas integrados de emprego, que eleva o orzamento ata os 11 M€ co obxectivo de impulsar 50 PIE de 12 meses que beneficiarán unhas 4.700 persoas desempregadas
- Entre as novidades da orde que combina orientación, formación e posibles prácticas non laborais en empresas –priorizando os sectores estratéxicos–, resérvase 1 M€ para programas dirixidos a persoas en situación ou risco de exclusión social
- Poderán acceder a esta reserva unicamente as entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, con proxectos de 60 persoas que manterán o compromiso xeral mínimo de inserción laboral dun 35 % das persoas participantes
- Por outra banda, o Consello tamén aprobou os novos programas de cooperación para o fomento do emprego a través das entidades sen ánimo de lucro que buscan precisamente reforzar os servizos sociais, elevando o orzamento por riba dos 9,4 M€
- A previsión é apoiar a contratación de case 400 persoas en máis de 200 entidades cuxa actividade principal sexa o fomento da inserción de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, servizos comunitarios, maiores, mulleres ou infancia

O Consello da Xunta aprobou hoxe máis de 20 M€ en dúas convocatorias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para impulsar as oportunidades laborais das persoas desempregadas, especialmente en sectores estratéxicos como o dos servizos sociais. Por unha banda, deu o visto e prace á orde 2026-2027 dos programas integrados de emprego, que elevan o seu orzamento a 11 M€ para impulsar 50 PIE de 12 meses de duración que beneficiarán unhas 4.700 persoas sen traballo. Por outra, referendou as axudas deste ano para o fomento do emprego con programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro: 9,4 M€ para apoiar a contratación de case 400 persoas en máis de 200 entidades.

En ambos os casos trátase de subas orzamentarias que roldan o 7 % orientadas a consolidar tanto a formación para o emprego como os incentivos á contratación, co foco posto na mellora da empregabilidade e na creación de postos de traballo de calidade dando cobertura ás vacantes laborais existentes en sectores e contornas concretas.

No caso dos PIE, a convocatoria bianual volve estar dirixida a entidades locais, con 4,4 M€ de orzamento, e para as entidades sen ánimo de lucro, ás cales se destinan 6,6 M€. Desta segunda epígrafe, e como novidade, resérvase 1 M€ para programas destinados a persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, á cal só poderán acceder as entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade, con carácter previo á publicación da

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convocatoria. Polo demais, volven reservarse 2 M€ para programas dirixidos en exclusiva a mulleres desempregadas e outros 2 M€ para persoas maiores de 52 anos.

Estes programas nos que participaron unhas 67.000 persoas cun investimento superior aos 130 M€ desde o ano 2009, combinan orientación, asesoramento, formación teórico-práctica de calidade –dentro das categorías incluídas no Catálogo de especialidades do Servizo de Emprego Público Estatal (SEPE) –, e a posibilidade de realización de prácticas profesionais non laborais en empresas, valorándose os proxectos innovadores, con formación en especialidades relacionadas con sectores estratéxicos ou cun alto nivel de inserción e iniciativas pegadas ao territorio.

Cada programa integrado de emprego estará formado por 100 ou 60 persoas en paro (segundo sexa un PIE tradicional ou dos novos que se incorporan para entidades prestadoras de servizos sociais), con especial atención a colectivos prioritarios e establecendo que un mínimo do 35 % dos participantes deberán ser inseridos no mercado laboral durante a execución do proxecto. Como novidades a maiores, redúcese a documentación necesaria no proceso de solicitude, aumenta o importe global máximo subvencionable por PIE –de 220.000 a 230.00 €– e tamén a porcentaxe de imputación do persoal propio da entidade ao programa –do 80 ao 100 % do salario deste persoal– e a porcentaxe de subcontratación das actividades de formación –dun 30 a un 40 %–.

### **Programas de cooperación**

No que respecta aos programas de cooperación de 2026 para o fomento do emprego a través das entidades sen ánimo de lucro, búscase reforzar o labor específico das inscritas como “iniciativa social” no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. A súa actividade principal, polo tanto, debe estar dirixida a desenvolver ou fomentar accións para a inserción das persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, servizos comunitarios, igualdade, maiores, familia, infancia, menores ou mulleres.

En concreto, a convocatoria busca favorecer a contratación nestas entidades –durante 9 meses a tempo completo ou 12 meses a tempo parcial– de persoas desempregadas e proporcionarlles unha experiencia profesional que facilite a súa inserción laboral. Así, a orde combina creación de emprego, formación práctica e prestación de servizos de interese público, xerando un impacto directo na sociedade.

Dando resposta á crecente demanda de servizos sociais, contribúe ademais a reducir desigualdades no acceso ao emprego e fortalece a cohesión territorial e social de Galicia. Desde 2009 estes programas permitiron contratar preto de 11.300 persoas desempregadas cun investimento de 190 M€.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SUMA 2,6 M€ EN CATRO NOVOS CONVENIOS PARA A RESTAURACIÓN DE BANCOS NO GROVE, RIANXO, REDONDELA E PONTEDEUME

- O Goberno galego eleva a 18 o número de acordos aprobados dentro do plan extraordinario de axudas fronte aos episodios de baixa salinidade, mobilizando un fondo global de case 23 M€
- As novas achegas permitirán compensar un total de 199 profesionais do marisqueo a pé ata 700 euros ao mes durante a execución dos traballos de rexeneración ambiental
- Os plans técnicos consideran actuacións directas sobre unha superficie conxunta de máis de 5,7 millóns de metros cadrados e inclúen a sementeira de polo menos 6,8 M de unidades de ameixa babosa
- As medidas financiadas abarcan o labrado e a remoción de substratos, a preengorda en parques de cultivo, a limpeza de residuos e o control de especies depredadoras e invasoras

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de catro novos convenios coas confrarías do Grove, Rianxo, Redondela e Pontedeume por un importe de 2.659.819,10 euros. Estas axudas encádranse no Plan extraordinario do Executivo galego —dotado con case 23 millóns de euros— para recuperar os bancos marisqueiros danados polas graves mortalidades de bivalvos que provocaron os recentes temporais e os escoamentos de auga doce nas rías, que causaron descensos críticos de salinidade, estrés fisiolóxico e o peche de valvas no recurso. Con estas validacións, que elevan a 18 os pósitos beneficiados en Galicia, conséidase o modelo de coexistión ao ligar os fondos á implicación directa do sector.

Este escudo público destina a súa maior partida, un total de 19,2 millóns de euros, a convenios directos coas confrarías para compensar de xeito retroactivo, con ata 700 euros mensuais, o traballo das persoas mariscadoras nas tarefas de restauración das súas praias. A folla de ruta do plan complétase cunha inxección de 1,5 millóns de euros para accións de repoboación e outros 2 millóns de euros adicionais destinados de forma específica a restaurar a biodiversidade mariña nos areais.

#### **O maior espazo intermareal do plan**

O Plan de restauración da Confraría de Pescadores San Martiño do Grove conta cun orzamento de 751.371,65 euros e estenderá o seu ámbito de actuación sobre unha superficie masiva de 3.524.523,90 m<sup>2</sup>, consolidándose como o de maior alcance xeográfico desta quenda. O proxecto técnico artéllase arredor da participación de 9 persoas mariscadoras.

Entre as accións principais destaca o acondicionamento mecánico do substrato mediante o uso de tractores con grades de ganchos, motocultores e motobombas con

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

chorros de auga de presión nas zonas sur de Correlo, A Pedra-Teixeira e Rego do Sol. Así mesmo, o plan recolle un eixe moi potente de control biolóxico: as mariscadoras realizarán buscas activas de depredadores nativos coma o corniño (*Ocenebra erinacea*) e o cangrexo (*Carcinus maenas*) en illote do Tourís, Con de Meloxo e Cantodorxo, ademais de combater especies exóticas invasoras coma a *Crepidatella dilatata* (cunha gran presenza en Vía Sur).

Pola súa banda, os mergulladores executarán campañas de extracción de murícidos (*Bolinus brandaris* e *Hexaplex trunculus*). O proxecto complétase cun sistema rotatorio de rareos e traslados desde os bancos de repoboación (A Casa da Toxa, Porto Meloxo, Fianteira, Arnosa e Illote Tourís) cara aos estratos principais de destino (Correlo, Vía Sur e Vía Norte), ademais do investimento en semente de criadeiro para o seu desenvolvemento en parques de cultivo acoutados no intermareal.

### **Confraría de Redondela: doce bancos da ría de Vigo**

O convenio autorizado coa Confraría de Pescadores San Xoán de Redondela dispón dunha partida de 653.488,65 euros para financiar as actividades de recuperación de 82 mariscadoras a pé. As tarefas intervirán de xeito directo sobre un espazo de 693.143 m<sup>2</sup> na zona intermareal que se estende desde a Caseta do Ceboleiro até a praia de Arealonga, afectando un total de doce bancos marisqueiros estratéxicos, entre eles Sobreiro-Soutoxusto, O Regato, A Punta do Cabo, Illa de San Simón e Cesantes.

As profesionais de Redondela acometerán o acondicionamento do substrato mediante o uso de motocultores mecánicos e sachos manuais para mellorar as condicións granulométricas do leito. O control de depredadores executarase de forma manual a pé a través do calamento de nasas específicas para retirar o cangrexo verde europeo (*Carcinus maenas*) e caracois carnívoros coma a *Nucella lapillus* e a *Ocenebra erinacea*.

O plan redondelán recolle tamén a retirada sistemática de restos e lixo mariño con angazos durante a baixamar, procesos de rareos e traslados intra e inter-bancos condicionados ás desovas estacionais, e a implantación de estruturas de preengorda cunha rede de luz e malla en todos os bancos para protexer a ameixa fina e babosa autóctona antes da súa sementeira definitiva.

### **Confraría de Rianxo: a sementeira de 5 millóns de ameixas**

O acordo ratificado coa Confraría Virxe do Carmen de Rianxo sitúase como o de maior contía económica desta serie, cun investimento de 856.427,31 euros destinado a sufragar as xornadas de traballo de 94 mariscadoras a pé. O documento técnico prevé a execución de 168 xornadas de intervención sobre un complexo de 21 bancos marisqueiros que suman un total de 1.507.218 m<sup>2</sup>.

O acondicionamento do substrato combinará o uso de grades remolcadas por tractor en areas despexados coma a Praia da Torre e o emprego de barcos con bombas de auga a presión nas zonas con maior cobertura de auga coma Bodión, Agañán ou a Ría de Beluso.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No eido de control de depredadores, o plan inclúe a instalación de redes protectoras (raeiras e trasmallos) en 17 bancos para capturar as ouxas, así como a limpeza de restos orgánicos en 20 praias.

O elemento produtor principal será a sementeira masiva de 5.000.000 de unidades de ameixa babosa de criadeiro repartidas entre A Torre, Ladeira de Quinteiro e a Ría de Beluso, esta última apoiada por unha superficie de 2.000 m<sup>2</sup> de sistemas de malla de preengorda e mostraxes científicas estacionais por calicatas.

### **Confraría de Pontedeume: frear a ostra rizada**

Finalmente, o convenio outorgado á Confraría de Pescadores Virxe do Carme de Pontedeume está dotado con 398.531,49 euros e implicará un colectivo de 14 mariscadoras do plan de xestión. As tarefas de acondicionamento do substrato centraranse en oito bancos (Croat Pequena, Beirada Moteis, Croatia Grande, Zopazos, Fabal, A Pillada-A Pía, Canle do Barco e Perexil) que suman un total de 41.850 m<sup>2</sup>, recorrendo ao uso de embarcacións auxiliares naquelas canles de difícil acceso manual.

O factor diferencial do plan de Pontedeume radica no eixe de control de especies exóticas, deseñado especificamente para ceibar e liberar os bancos tradicionais da expansión masiva da ostra rizada (*Magallana gigas*), que está a tapizar zonas de produción en Fabal, Croatia Pequena, Croatia Grande, Beirada Moteis e Perexil. Para reverter a perda de biomasa, o pósito executará a sementeira de 1.800.000 unidades de ameixa babosa distribuídas entre os areas de Croatia Pequena, Zopazos e A Pillada-A Pía, reforzadas con achegas de ameixa fina en Croatia Grande. Como estratexia de economía circular, os exemplares de ostra extraídos durante as limpezas biolóxicas serán relocalizados e postos en valor comercial en estruturas de preengorda acoutadas que ocuparán uns 600 m<sup>2</sup> no litoral eumese.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SIMPLIFICA E AXILIZA AS AUTORIZACIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES TEMPORAIS NO LITORAL A TRAVÉS DUNHA GUÍA PRÁCTICA E DA SUPRESIÓN DAS TAXAS ADMINISTRATIVAS

- O novo manual xa está dispoñible na web *Galicia Litoral* e será remitido aos concellos costeiros para que poidan tanto promover como informar dos espectáculos e actividades recreativas e deportivas autorizables nas súas praias e na franxa litoral
- Ademais, con carácter xeral, os promotores e responsables deste tipo de eventos poderán tramitar o permiso pertinente sen ningún custo asociado ao procedemento, tanto en dominio público marítimo-terrestre como en servidume de protección
- O Goberno galego continúa avanzando na redución e na simplificación das xestións relacionadas coa costa para garantir que a cidadanía desfrute desta franxa do territorio con plenas garantías de seguridade, sostibilidade e calidade nos servizos
- Desde a asunción da xestión plena da súa costa, o 1 de xullo de 2025, a Xunta outorgou xa máis de 1.800 títulos habilitantes entre autorizacións, concesións e declaracións

A Xunta de Galicia acaba de publicar unha nova guía práctica na que delimita de forma clara e precisa os requisitos para poder celebrar no litoral determinadas actividades e eventos (competicións deportivas, actividades recreativas, eventos de interese turístico, espectáculos públicos e festivais, entre outros) co obxectivo de simplificar e axilizar a súa autorización. Ademais, tamén elimina nestes casos as taxas administrativas asociadas á solicitude de ocupación temporal da costa.

Estas son as principais novidades recollidas no informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre as medidas de simplificación introducidas na autorización de eventos e actividades de carácter temporal no dominio público marítimo-terrestre (DPMT) e na zona de servidume de protección, que foi presentado esta mañá no Consello.

O novo manual práctico está dispoñible desde hoxe no portal web *Galicia Litoral*, onde xa poden consultalo todas as persoas, empresas e entidades interesadas. Ademais, a guía tamén se remitirá aos concellos costeiros para que poidan tanto promover como informar dos espectáculos e actividades de lecer e deportivas autorizables nas súas praias e na súa franxa costeira, así como dos requisitos que se deberán cumprir para garantir e preservar a integridade do DPMT e da súa servidume de protección.

A guía incorpora así unha redución da documentación que deben presentar as persoas ou entidades responsables dos eventos a través do formulario único de solicitudes no litoral de Galicia. En concreto, unha memoria descritiva da actividade, das instalacións e da duración, uns planos a escala adecuada e, cando non o promova o concello, un informe municipal favorable que declara o interese xeral do acto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, cómpre destacar que esta simplificación da documentación requirida para obter a autorización da Xunta comporta tamén a eliminación das taxas administrativas asociadas á solicitude (95 euros ata agora). Deste xeito, os promotores e os responsables deste tipo de actividades que soliciten ocupar o litoral temporalmente non terán que pagar polo propio procedemento ao non requirirse, con carácter xeral, a elaboración dun informe técnico.

Un dos primeiros obxectivos que se marcou a Xunta cando asumiu a xestión plena da costa o 1 de xullo de 2025 foi avanzar no eido da simplificación administrativa para que a cidadanía poida gozar dela con plenas garantías de seguridade, sostibilidade e calidade nos servizos. Entre os pasos dados desde entón cómpre destacar a nova solicitude única e dixital para todos os procedementos do litoral, o que supuxo pasar de 5 tipos de formularios a 1 só e eliminar o papel neste tipo de procedementos.

Tamén se reforzou a información ao administrado coa posta en marcha o portal web *Galicia Litoral*, así como unha liña específica no teléfono 012 de atención á cidadanía, con información útil e unificada á disposición de todas as galegas e galegos.

Para facilitar a presentación de solicitudes, especialmente no que atinxe aos servizos de tempada que se desenvolven na costa en determinadas épocas do ano (*chiringuitos*, terrazas, postos de alugueiro de canoas...) publicáronse guías informativas en *Galicia Litoral* e programáronse webinaros formativos. Ademais, estableceuse, por primeira vez, a súa apertura ininterrompida desde Semana Santa ata o 31 de outubro.

Así mesmo, homoxeneizáronse as taxas e a tramitación das autorizacións e concesións en toda Galicia, ao detectar que en cada unha das tres provincias costeiras se aplicaban criterios diferentes con relación ao tempo máximo das autorizacións concedidas (que se unificaron a 1 ano prorrogable por outros 3), ao importe das taxas de xestión (unificándoas para aplicar en todos os casos as máis baixas) e as garantías de depósito exigidas aos titulares de servizos de tempada (25 €/m<sup>2</sup> para todos nas tres provincias).

### **Próximos avances e títulos outorgados**

En todo caso, a Xunta segue avanzando para acadar unha maior simplificación e efectividade nos trámites relacionados coa costa. Con tal fin, traballa no decreto que regula o procedemento integrado para todos os títulos de intervención no litoral, que integrará nun só expediente o título habilitante de costas e o resto de autorizacións sectoriais, e porá en marcha o Rexistro do Litoral de Galicia, que recollerá todas as autorizacións e concesións outorgadas para garantir máis transparencia e seguridade xurídica a particulares, sectores e administracións e cuxa aprobación se prevé para xullo.

Todo este traballo desenvólvese, ademais, sen descoidar en paralelo a xestión e a resolución dos expedientes do litoral, tanto os traspasados polo Goberno central como os recibidos a partir do 1 de xullo de 2025. En concreto, no último ano a Xunta outorgou máis de 1.800 títulos habilitantes (entre concesións, autorizacións e declaracións

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

responsables) tanto en DPMT como en servidume de protección, o que pon de manifesto a relevancia e o potencial da costa galega en canto aos seus posibles usos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA REFORZA OS SERVIZOS BÁSICOS DA AUGA NO RURAL CUN INVESTIMENTO DE CASE 28 M€ A TRAVÉS DUNHA TRINTENA DE OBRAS DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

- O Consello toma razón dun informe sobre o paquete de actuacións hidráulicas programadas por Augas de Galicia co fin de mellorar a prestación destes servizos nun total de 26 concellos e para unha poboación estimada de 65.000 persoas
- Os traballos previstos van orientados a reforzar a garantía da subministración, completar redes de saneamento municipal, executar novas depuradoras, renovar infraestruturas hidráulicas obsoletas ou insuficientes e reducir posibles verteduras aos ríos
- Das intervencións xa executadas ata o momento, destacan a EDAR de Sergude, en Boqueixón, ou a mellora do saneamento de Tenorio, en Cerdedo-Cotobade
- Ademais, o Consello tamén autorizou hoxe a sinatura dun convenio co Concello de Boborás para renovar as redes de abastecemento, saneamento e pluviais da Almuzara
- A dispersión poboacional que caracteriza a Comunidade complica as intervencións para garantir este tipo de servizos, obrigando a deseñar solucións específicas e adaptadas á realidade territorial de núcleos pequenos, parroquias e vivendas illadas

A Xunta de Galicia está a impulsar unha trintena de actuacións en materia de abastecemento, saneamento e depuración co fin de reforzar e garantir os servizos básicos relacionados coa auga no rural galego. Cun investimento estimado de case 28 millóns de euros, as intervencións incluídas neste paquete están deseñadas para atender as necesidades dunha poboación de 65.000 persoas distribuída entre 26 concellos e contribuirán a mellorar a calidade de vida e a protección ambiental destes territorios.

Así se recolle no informe do que tomou razón hoxe o Consello e que inclúe tanto as actuacións executadas recentemente por Augas de Galicia como aquelas que están xa en marcha ou en diferentes fases de tramitación para mellorar os servizos hidráulicos no rural galego. Esta é, precisamente, unha das liñas de acción prioritarias deste organismo, que trata de responder así ás dificultades engadidas que teñen os concellos –en especial, os máis pequenos– á hora de planificar infraestruturas e garantir o abastecemento e o saneamento nas súas parroquias e núcleos rurais.

Neste sentido, as actuacións van dirixidas, con carácter xeral, a reforzar a garantía da subministración nestas zonas, completar redes de saneamento municipal, executar novas depuradoras, renovar infraestruturas hidráulicas obsoletas ou insuficientes para atender a demanda veciñal e reducir posibles verteduras a ríos e outras masas de auga.

Do total de intervencións planificadas por Augas de Galicia neste eido, 13 xa están finalizadas, cun investimento executado de 13,1 millóns de euros e cofinanciadas polo

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programa europeo Feader-PDR. En canto ao resto, 7 están actualmente en obras (cun orzamento estimado de 6,97 millóns de euros) e 11 en tramitación (7,6 millóns de euros) e todas elas integraranse tamén na programación do Feader-PEPAC, que é o novo marco de financiamento da UE para o desenvolvemento rural.

Das infraestruturas e melloras executadas recentemente no rural galego, destacan por ser as de maior investimento a nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sergude, en Boqueixón (2,25 millóns de euros), a mellora do saneamento na parroquia de Tenorio, en Cerdedo-Cotobade (1,82 M€); a fase I da mellora do abastecemento de Betanzos (1,7 M€), ou a rede de saneamento de Ribadetea, en Ponteareas (1,66 M€).

En canto aos traballos en marcha a día de hoxe, no informe recóllense, entre outras, a nova EDAR do Mendo, que dará servizo a Salvaterra de Miño e cun investimento asociado de 2,2 millóns de euros; o abastecemento a Nantón e Anós, en Cabana de Bergantiños (1,3 M€), ou a construción de rede de saneamento e dunha depuradora para os lugares de Devesa, A Silva, Berrimes, Quintáns e Costa, en Lousame (1,05 M€).

Por último, entre os proxectos que ten actualmente Augas de Galicia en tramitación co obxectivo de consolidar a súa carteira de intervencións hidráulicas no rural, os maiores investimentos serán os destinadas a acometer a fase II do saneamento en Orto e Crendes, en Abegondo, cun orzamento estimado en 1,53 millóns de euros; aos colectores de saneamento e EDAR en Beo, en Malpica (1,25 M€); e ao saneamento e depuración en Rebordechán, no municipio de Crecente (1,1 M€).

Ademais, o Consello da Xunta tamén deu hoxe o visto e prace á sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Boborás para a renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais na travesía da Almuzara. Cun investimento total de 960.845,29 euros, a obra prevista permitirá renovar infraestruturas de máis de 50 anos, reducir fugas e roturas na rede e corrixir deficiencias no sistema de saneamento municipal que provocan filtracións.

### **Colaboración cos concellos**

A planificación hidráulica e a prestación dos servizos municipais relacionados coa auga no rural galego presenta unha complexidade específica pola dispersión da poboación, a existencia de numerosos núcleos e parroquias (de feito, Galicia concentra máis da metade dos núcleos de poboación de España), a presenza de vivendas afastadas dos sistemas principais e a necesidade de empregar solucións proporcionadas á escala de cada ámbito.

Isto explica que as actuacións deseñadas non respondan a un modelo único, senón que combinan melloras de abastecemento, ampliacións de redes de saneamento, novas estacións depuradoras, posta a punto de instalacións existentes, bombeos, colectores, ramais de conexión e renovación de infraestruturas básicas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En conxunto, todas as obras incluídas no informe responden a unha estratexia impulsada por Augas de Galicia para promover a modernización das infraestruturas que fan posible garantir un acceso seguro, eficiente e de calidade aos servizos hidráulicos básicos no rural.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA LANZA CINCO NOVOS PROXECTOS PUNTEIROS EN I+D+i POR VALOR DE MÁIS DE 21 M€ GRAZAS Á COMPRA PÚBLICA DE INNOVACIÓN**

- A Xunta logra captar 12,6 M€ para iniciativas das consellerías de Emprego, Medio Ambiente, Mar e Medio Rural, ás que se engade outra do Concello de Arteixo
- Do custo total dos proxectos, a Xunta destina o 40 % e o 60 % son fondos europeos conseguidos a través da Compra Pública de Innovación
- Desenvolveranse propostas que mellorarán servizos como a sanidade, a seguridade alimentaria, o ambiente, o emprego, a pesca e a mobilidade
- Destaca o carácter pioneiro de Galicia no uso deste instrumento para sacar adiante proxectos de alto valor, con máis de 400 M€ de investimento ata o momento

A Xunta de Galicia afianza a súa aposta pola I+G+i coa captación de máis fondos europeos para desenvolver proxectos punteiros. Galicia vén de acadar 12,6 M€ a través da Compra Pública de Innovación para sacar adiante proxectos que serán clave para avanzar en eidos como o sociosanitario, a seguridade alimentaria, o ambiente ou a pesca. As iniciativas seleccionadas a través da liña de fomento á innovación desde a demanda (FID) foron presentadas por catro consellerías do Goberno autonómico, ás que se engade outra do Concello de Arteixo. Mediante a Compra Pública de Innovación, as institucións que se presentan e logran o cofinanciamento de fondos europeos conseguen desenvolver e acelerar solucións baseadas en I+D+i que non están dispoñibles no mercado ou que necesitan ser adaptadas. O orzamento total para estes cinco proxectos punteiros é de 21,5 M€, dos que a Xunta de Galicia achega un 40 %.

A Compra Pública de Innovación é un dos mellores instrumentos para responder dun xeito eficaz a retos públicos complexos, mellorar a prestación de servizos á cidadanía, fortalecer o tecido empresarial e promover a cultura da innovación na Administración en todo o territorio. A Xunta é un referente estatal nesta vía de desenvolvemento e, de feito, é unha das principais accións do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

Nesta ocasión, os proxectos que conseguen financiamento na convocatoria que vén de resolver o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades son das consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático; Emprego, Comercio e Emigración; Medio Rural e Mar. A diversidade de proxectos reforza o carácter transversal da innovación nas políticas públicas da Xunta, ampliando o alcance respecto dos sectores tradicionais.

**Balance de 400 M€ investidos**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A alta participación dos distintos departamentos da Xunta e o éxito na convocatoria débese a un proceso interno de recollida de propostas e avaliación iniciado con moita antelación no seo da Comisión Interdepartamental de I+D+i e coordinado pola Axencia Galega de Innovación. A nosa Comunidade foi pioneira no uso deste instrumento para sacar adiante proxectos de elevada esixencia tecnolóxica, que se sitúan á vangarda en distintos campos de investigación como un dos emblemas da Galicia Calidade.

En concreto, Galicia leva investidos máis de 400 M€ nesta materia e recibido numerosos recoñecementos a nivel internacional e estatal. Neste senso, a nosa Comunidade executou no período 2007-2020 proxectos de Compra Pública Innovadora por importe de 252 M€ e, no período 2021-2027, estanse a executar proxectos por máis de 166 M€.

### Proxectos por consellerías

A Consellería de Medio Rural obtén 3,9 M€ para desenvolver *NeoLab3*, que conta cun orzamento total de 6,5 M€. Promovido pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, o proxecto busca transformar os laboratorios e as unidades de investigación mediante intelixencia artificial para reforzar a sanidade da cabana gandeira e a saúde dos solos agrarios, así como a seguridade, a raxetrexabilidade e a calidade dos produtos agroalimentarios.

No que atinxe á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, consegue 1,8 M€ para o proxecto *RegoSAT*, cuxo orzamento total ascende a 3,6 M€. Augas de Galicia propón un sistema de monitorización global de ríos por satélite cos obxectivos de mellorar a xestión e a planificación dos recursos hídricos e de facilitar a estimación destes recursos, a identificación do alcance das inundacións e o seguimento máis efectivo de eventos extremos, como as secas.

No caso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, consegue 3,3 M€ para o proxecto *Emprego 360*, que tamén empregará IA aplicada, ademais de big data. O orzamento total desta proposta é de 5,4 M€ e con ela procúrase desenvolver unha plataforma integrada de datos para a xestión do traballo na área de emprego, para a toma de decisións baseadas en evidencias e análise de precisión e para desenvolver un sistema de apoio á decisión baseado en IA e en modelos algorítmicos personalizados con capacidade predictiva. Estas melloras suporán unha simplificación administrativa e de custos. Os usuarios finais e colectivos beneficiados serán as pemes, micropemes, órganos administrativo de emprego e sectores en risco por falta de substitución xeracional levando a cabo actuacións preventivas e anticipadas.

Pola súa parte, a Consellería do Mar obtén 1,8 M€ dun orzamento total de 3 M€ para o proxecto *Xemelgo dixital do mar*, promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Esta iniciativa propón desenvolver un xemelgo dixital do medio mariño empregando técnicas de intelixencia artificial para monitorizar o estado do mar e poder planificar actuacións no medio mariño. Este proxecto enlaza coa Plataforma de Territorio Intelixente de Galicia na que se está traballando actualmente.

### Concello de Arteixo

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao proxecto *Arteixia*, proxecto presentado polo Concello de Arteixo, recibe 1,8 M€ de axudas a través de Compra Pública de Innovación dun orzamento total de 3 M€. Esta iniciativa trata de mellorar a eficacia e sostibilidade do modelo de mobilidade deste municipio, creando para ese fin un sistema intelixente para monitorizar e xestionar fluxos de transporte en tempo real, optimizar rutas, fomentar a intermodalidade e promover mobilidade de baixas emisións. Ofrecerá información personalizada aos visitantes, promovendo un turismo experiencial e respectuoso coa contorna.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA A PREPARACIÓN DOS ORZAMENTOS DE 2027 CO OBXECTIVO DE QUE ENTREN EN VIGOR O VINDEIRO 1 DE XANEIRO**

- Lamenta que mentres Galicia traballa xa nas terceiras contas da lexislatura, España siga coas de 2023, “cando os orzamentos son unha ferramenta básica para gobernar”
- Galicia segue achegando certezas e previsibilidade, elaborando, un ano máis, en tempo e forma os seus orzamentos
- O Diario Oficial de Galicia publicará mañá martes a orde pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos do vindeiro exercicio
- Pese as incertezas económicas e xeopolíticas, Galicia presentará unhas contas que terán como prioridade “o reforzo continuado dos servizos públicos asistenciais” en sanidade, en educación e nos recursos dedicados á dependencia
- O desenvolvemento do Plan de vivenda de Galicia e o aproveitamento do pulo do Ano Santo Xacobeo 2027 serán outros obxectivos das contas do vindeiro ano

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico vai iniciar xa “a elaboración dos orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro ano” co obxectivo de “aprobalos en tempo e forma para que entren en vigor o 1 de xaneiro de 2027”.

Deste xeito, o Goberno galego arranca a preparación dos terceiros orzamentos desta lexislatura, mentres o Executivo central acumula tres prórrogas orzamentarias. Rueda lamentou que España siga funcionando coas contas de 2023 cando os orzamentos “son a ferramenta básica para que calquera Goberno poida gobernar”.

O Consello da Xunta avaliou esta mañá o informe presentado pola Consellería de Facenda e Administración Pública sobre a orde pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos do vindeiro exercicio, que marcan as bases do plan financeiro do Goberno galego para o ano próximo. “Galicia pon a estabilidade ao servizo dos galegos e galegas, somos previsibles e achegamos certezas”, indicou o conselleiro de Facenda e Administración pública, Miguel Corgos.

Tal e como reflicte o documento, coa publicación mañá martes no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* desta orde, Galicia segue achegando certezas e previsibilidade, elaborando, un ano máis, en tempo e forma os seus orzamentos. O proceso, tal e como explicou o conselleiro, continuará a finais de xullo coa aprobación do teito de gasto non financeiro e a entrega do proxecto de Orzamentos antes do 20 de outubro para a súa aprobación antes de finais de ano.

Ante a persistencia de incertezas tanto a nivel internacional, asociadas ao conflito de Oriente Próximo, como nacional, marcadas pola ausencia de orzamentos do Estado desde 2023 e o remate do estímulo investidor do Plan de Recuperación e Resiliencia, Galicia afronta este escenario seguindo a súa propia senda de estabilidade e mantendo

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

un estilo propio que está a permitir ter un diferencial positivo de crecemento pos-pandemia de máis de dous puntos. Unha composición distinta nos compoñentes do PIB, na que destacan un mellor comportamento da demanda interna, da formación bruta de capital e de gasto en consumo final, favorece a diferenza de resultados.

Pese as incertezas económicas e xeopolíticas, Galicia segue funcionando e presentará unhas contas que terán como prioridade “o reforzo continuado dos servizos públicos asistenciais como sanidade, a educación ou a dependencia”, indicou Rueda. Un reforzo que se realizará a través, por exemplo, do investimento en medios persoais, da dixitalización e modernización dos centros de atención primaria e complexos hospitalarios, ao tempo que se executa a programación do Plan de Infraestruturas Sanitarias.

No que se refire á educación, impulsarase un modelo educativo inclusivo, accesible e de alta calidade, mediante a dotación axeitada de recursos de apoio socioeducativo e reforzo da excelencia da rede docente como eixe de cohesión social. Seguiranse reforzando a FP dual, a orientación profesional, e as competencias dixitais e científico tecnolóxicas, en especial nas rapazas.

Reforzaranse tamén os recursos asistenciais dedicados á dependencia e aos servizos sociais comunitarios, potenciando a coordinación sociosanitaria e os modelos de atención centrados na persoa, así como os programas de protección fronte á soidade non desexada e a exclusión social.

Por outra banda, continuarase co desenvolvemento do Plan de Vivenda de Galicia, cun alto esforzo investidor nas partidas destinadas a promover o parque de vivenda pública e protexida, facilitando fórmulas para o acceso asumible ao aluguer, e a rehabilitación residencial, especialmente para mozos.

O reforzo das políticas activas de emprego, a formación profesional e o retorno do talento, continuar os traballos de adecuación entre as necesidades do mercado laboral e as competencias da poboación activa, con especial atención á mocidade, ás mulleres e ás persoas en risco de exclusión son outras das prioridades recollidas na Orde de elaboración de Orzamentos para o 2027.

Entre os obxectivos para o vindeiro ano están ademais aproveitar o pulo do Ano Santo Xacobeo 2027 para impulsar o turismo sustentable e vertebrador. “Faremos unha aposta especial polo Xacobeo 2027, que vai supoñer unha gran oportunidade de promoción de Galicia”, indicou.

Ademais, darase prioridade á consolidación das estruturas precisas para unha xestión eficiente e integral das competencias asumidas en materia de ordenación do litoral, a apoiar a mobilidade sostible e a protección do medio natural en xeral e da xestión da auga e do monte polo miúdo. Así mesmo, fomentárase o desenvolvemento e modernización das cadeas mar industria e agro-industria como fontes de riqueza e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cohesión territorial apostando pola innovación, transformación, trazabilidade, internacionalización e adaptación climática.

Manter o coñecemento e a innovación como pancas de crecemento económico, é outro dos obxectivos, buscando substitutos financeiros aos fondos MRR para impulsar o seu impacto transformador e multiplicador sobre o tecido produtivo galego.

Coa aprobación desta orde, Galicia pon de manifesto que segue a súa propia senda de estabilidade e xestión fiscal responsable. O Goberno galego, quere, nestes tempos nos que abundan as incertezas, poñer a súa estabilidade ao servizo dos cidadáns para chegar certezas e previsibilidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINOU MÁIS 4,2 M€ A IMPULSAR A CREACIÓN LITERARIA NOS ÚLTIMOS ANOS

- O Consello analiza o informe sobre as liñas de apoio neste eido durante o período 2022-2025, cando o investimento do Goberno galego medrou un 31%
- Do orzamento global, o 19 % destinouse a apoiar a internacionalización do sector, mentres que o 81 % restante tivo a súa finalidade en actuacións na Comunidade
- Galicia sitúase por riba da media española nos índices de lectura cun 96,5 % da poboación maior de 14 anos que le en calquera medio ou soporte

A Xunta de Galicia destinou máis de 4,2M€ a impulsar a creación literaria durante o período 2022-2025. Así se desprende do informe analizado hoxe no Consello da Xunta no que se recollen as principais liñas para apoiar este sector e promocionar os creadores e creadoras galegas e no que se reflicte que o investimento do Goberno galego destinado para este fin medrou un 31 % nos últimos anos.

Tal e como se recolle no documento, do orzamento total, o 19 % destinouse a apoiar a internacionalización mediante iniciativas e actividades orientadas a potenciar a proxección exterior da cultura galega e a contribuír a difusión e visibilización do sector en países de todo o mundo. Neste sentido, destaca a convocatoria, posta en marcha por primeira vez en 2023, para que profesionais da creación literaria de Galicia poida participar en residencias literarias no exterior e da que xa gozaron 13 autores e autoras galegos e que está previsto que neste exercicio beneficie nove persoas.

Outra das liñas estratéxicas ao abeiro da internacionalización é o apoio á participación de profesionais do sector do libro en feiras, festivais e eventos estratéxicos. Isto lévase a cabo a través da liña de axudas que se vén convocando desde o ano 2019 e mediante a cal se colaborou xa con preto de 100 profesionais en máis de 80 citas e mediante a programación de actividades no expositor propio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude nas principais citas do libro en Europa e América entre as que se atopa a Feira do Libro de Bos Aires, a Feira do Cómic de Barcelona ou a Feira internacional do Libro de Guadalajara, México.

Así mesmo, co fin de favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutras culturas e, ao mesmo tempo, facilitar o acceso da cidadanía galega aos textos producidos orixinalmente noutros linguas e territorios, a Xunta de Galicia destina de xeito anual arredor de 200.000€ para subvencionar os custos da tradución de diferentes obras literarias.

Ademais das liñas de actuación propias da Administración galega, a Xunta tamén ten en marcha diferentes colaboracións que contribúen a favorecer a internacionalización da creación literaria. Destacan neste eido aspectos como o obradoiro *Con Barqueira e Remador*, a Residencia Literaria 1863 ou o portal web *Pórtico of Galician Literature. The home of Galician literature in English*, que recolle a obra de escritores e escritoras galegos contemporáneos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Medidas territorializadas**

O 81 % do orzamento destinado entre os anos 2022 e 2025 tivo a súa finalidade en actuacións levadas a cabo no ámbito da comunidade autónoma. Encádranse dentro destas iniciativas a programación que se desenvolve nas bibliotecas, os convenios con organizacións e fundacións, os festivais e os premios literarios ou as residencias literarias.

No relativo ás bibliotecas, cómpre precisar que a Xunta de Galicia desenvolve unha ampla programación nos centros xestionados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude con actividades para todos os públicos e que inclúen conferencias, debates, exposicións, obradoiros ou proxeccións audiovisuais. Isto súmase ás iniciativas que se levan a cabo en todas as bibliotecas públicas a través da convocatoria do catálogo de actividades de dinamización no que se reúnen as propostas para a dinamización bibliotecaria e o fomento da lectura de profesionais, colectivos e empresas. Trátase dunha iniciativa mediante a cal o Goberno galego achega o 75 % do custo da actividade e que conta, cada ano, cun orzamento de 195.000€.

En canto ás residencias literarias, o Goberno galego pon en marcha unha na Illa de San Simón, que se celebrou por vez primeira no ano 2023 e que busca converter San Simón nun polo promocional da creación literaria en galego. A residencia conta con 24 prazas dirixidas a aquelas persoas que interveñan no proceso de creación dun libro e que poderán gozar dun espazo, ambiente e condicións óptimas para a enteira dedicación aos seus proxectos creativos. Na Cidade da Cultura, pola súa banda, ofrécese unha residencia literaria para que creadores de dentro e fóra de Galicia poidan desenvolver os seus proxectos culturais no Gaiás. Esta iniciativa arrancou no ano 2020 e está dirixida a autores emerxentes.

A estas apostas hai que sumar o programa europeo Nortear, un proxecto de intercambio cultural entre as rexións de Galicia e o norte de Portugal, o podcast Entreliañas ou a promoción de autores galegos a través da sinatura de convenios coas fundacións de autor, coma a Fundación Rosalía de Castro, a Fundación Otero Pedrayo ou a Fundación Curros Enríquez, entre outras. Estas entidades contan cunha programación ampla e variada, que inclúe exposicións, charlas, visitas escolares, novas publicacións ou obradoiros.

### **Gran momento do sector do libro**

Cómpre lembrar que este investimento da Xunta de Galicia contribúe a que o sector do libro en Galicia viva hoxe un gran momento cos índices de lectura por riba da media española. Así, segundo o último *Informe de hábitos lectores*, o 96,5 % da poboación maior de 14 anos le en calquera medio ou soporte, o que sitúa a Comunidade 1,4 puntos porcentuais por riba de España.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, segundo estes últimos datos, o número de persoas en Galicia que le ocasional ou habitualmente na nosa lingua tamén medrou en case nove puntos ata acadar o 72 %, o que supón que sete de cada dez persoas len en lingua galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O PROXECTO EUROPEO PAISACTIVO PERMITIU RECUPERAR 8 KM DE SENDEIROS, RESTAURAR MÁIS DE 10 HA CON 800 ÁRBORES AUTÓCTONAS E MELLORAR INFRAESTRUTURAS NA ALDEA DE INFESTA, EN MONTERREI**

- Esta iniciativa, que conta coa participación da Xunta de Galicia, escolleu esta localidade ourensá porque concentra, nun espazo reducido, moitos dos elementos que definen o rural do noroeste peninsular, como son a riqueza patrimonial e ecolóxica ou a vocación produtiva
- As actuacións dividíronse en dúas fases: a primeira executouse durante o ano 2024 e contou cun investimento de preto de 128.00 euros, que permitiron levar a cabo traballos de mellora forestal na contorna da Igrexa de San Vincenzo e de Regatas Quentes
- A segunda e última fase comezou a executarse durante o ano 2025 e finalizará neste 2026, conta cun orzamento de case 259.000 euros e está orientada á rexeneración urbana infraestrutural e interpretativa do territorio
- A transformación da contorna de Infesta demostra como a paisaxe pode actuar como unha ferramenta de protección e resiliencia, en especial para facer fronte aos incendios forestais
- Paisactivo aspira a converterse nun referente para o deseño de novas estratexias de desenvolvemento rural e xestión sostible do territorio noutras zonas de Galicia e da Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal

O proxecto europeo Paisactivo, que conta coa participación da Xunta a través da Consellería do Medio Rural, permitiu recuperar máis de 8 kms de sendeiros, restaurar máis de 10 hectáreas coa plantación de case 800 árbores autóctonas e mellorar as infraestruturas da aldea de Infesta, no concello ourensán de Monterrei. Así se recolle no informe elevado hoxe ao Consello do Goberno autonómico, no que se avalían os resultados desta iniciativa.

A parroquia de Infesta foi escollida para formar parte desta iniciativa porque concentra, nun espazo reducido, moitos dos elementos que definen o rural do noroeste peninsular, como son a riqueza patrimonial e ecolóxica, a vocación produtiva e as necesidades estruturais que fan desta intervención unha oportunidade moi proveitosa para mellorar esta contorna. As intervencións realizadas son froito dunha análise técnica do territorio e do proceso de consenso cos actores locais, incorporando as súas necesidades e prioridades.

As actuacións dividíronse en dúas fases. A primeira executouse durante o ano 2024 e contou cun investimento de preto de 128.00 euros, que permitiron levar a cabo traballos de mellora forestal contorna da Igrexa de San Vincenzo e de Regatas Quentes. Nelas executáronse labores de roza e poda, ademais de eliminar as árbores existentes para substituílas por especies autóctonas. Tamén se impulsaron traballos de preparación do solo para favorecer a recuperación autóctona.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De xeito complementario actuouse en máis de 4.000 metros lineais de sendeiros, rozando camiños históricos para recuperalos como infraestruturas de mobilidade sostible e conexión territorial para a veciñanza de Infesta.

### **Segunda fase: rexeneración urbana infraestrutural**

A segunda e última fase comezou a executarse durante o ano 2025 e finalizará neste 2026, conta cun orzamento de case 259.000 euros e está orientada á rexeneración urbana infraestrutural e interpretativa do territorio. No marco desta etapa levouse a cabo a rehabilitación da praza da Fonte, unha obra coa que se conseguiu recuperar a función deste espazo declarado como Ben de Interese Cultural.

Rehabilitouse tamén a praza do Campo, o espazo festivo da aldea e o punto de conexión cos montes comunais e co río Rubín, no que se están a realizar labores de restauración ambiental. Ademais, estanse a substituír dúas das pontes que o cruzan para garantir infraestruturas máis seguras, funcionais e integradas na paisaxe. A última intervención recollida nesta fase é a restauración da rede de sendeiros de Infesta-Paradiña, que articula todas as actuacións do proxecto para que o territorio sexa máis lexible, accesible e atractivo.

### **Balace da iniciativa**

A transformación da contorna de Infesta demostra como a paisaxe pode actuar como unha ferramenta de protección e resiliencia, en especial para facer fronte aos incendios forestais.

Tras tres anos de traballo, esta iniciativa consolidará dúas experiencias piloto de referencia na Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal (Infesta, en Monterrei; e Almofrela, en Baião) e sentará as bases para replicar un novo modelo de planificación e gobernanza rural noutros territorios con desafíos semellantes. Paisactivo culminará deixando un modelo innovador de xestión territorial validado en dúas aldeas piloto, Infesta e Almofrela, demostrando que a participación da comunidade local e a gobernanza colaborativa son ferramentas clave para construír territorios máis resilientes fronte aos incendios forestais e ao despoboamento.

Entre os principais resultados do proxecto destacan o deseño do Plan territorial da aldea e dun Plan de gobernanza transferibles a outros territorios rurais, así como a posta en marcha da Rede Ruractivo para facilitar a divulgación e a replicación das aprendizaxes acadadas.

### **O proxecto Paisactivo**

Paisactivo é un proxecto europeo cofinanciado polo programa Interreg POCTEP, unha iniciativa que procura promover a cooperación transfronteiriza entre España e Portugal en moitos ámbitos de actuación. O obxectivo é claro, e pasa por facer que a paisaxe protexa as persoas ao tempo que as persoas coidan da paisaxe. Para acadalo, Paisactivo propón restaurar a contorna natural, mellorar o espazo habitado e dotar a comunidade de ferramentas para xestionar o seu propio territorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para a súa execución, Paisactivo reúne un consorcio transfronteirizo de oito socios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, combinando Administración pública, universidades, fundacións e entidades locais. Pola parte española participan a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural; a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Juana de Vega e o Concello de Monterrei.